



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 37

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 17 de outubro de 2013

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único:

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia - 09/DEBA-000001 (12802)

Publicación, BOPG núm. 166, do 25.09.2013

Retómase a sesión ás once da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 6.)

O señor secretario (Balseiro Orol) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 6.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 8.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 12.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 18.) e *Sr. Rodríguez González (P)* (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 25.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 28.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 29.) e *Sr. Rodríguez González (P)* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución

Votación da transacción número 1 (doc. 13964), sobre a proposta de resolución número 40 do G.P. Popular de Galicia, co G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 58 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da transacción número 2 (doc. 13966), sobre a proposta de resolución número 45 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, co G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 24 abstencións.* (Páx. 36.)

A señora presidenta comunica que a seguir se vai proceder á votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 36.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da proposta de resolución número 12 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da proposta de resolución número 36 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 75 votos a favor.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 3, 6 e 47 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación das propostas de resolución números 5, 10 e 38 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 25 votos a favor, 41 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación das propostas de resolución números 14, 23 e 50 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 37.)

A señora presidenta anuncia a votación das restantes propostas de resolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 37.)

O señor Jorquera Caselas (BNG) solicita que se manteña a votación por separado da proposta de resolución número 7. (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 25 votos a favor, 41 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación das propostas de resolución números 1, 8, 9, 11, 13, 16 a 22, 24 a 35, 37, 39 a 46, 48 e 49 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

A señora presidenta comunica que se van votar a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 9 votos a favor, 59 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 49 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *aprobada por 75 votos a favor.* (Páx. 37.)

Votación das propostas de resolución números 21 e 44 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 17 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación das propostas de resolución números 4, 12, 15, 16, 18, 20, 31, 42 e 50 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Deseguido, a señora presidenta comunica que se van votar as propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 1 e 20 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 27 votos a favor, 41 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 15 e 48 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 49 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 3, 16 e 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 25 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 50 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución números 5, 12, 13, 22, 39 e 42 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 25 votos a favor, 41 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

A señora presidenta anuncia que, en último lugar, se van votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 59 votos a favor, 16 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, 25 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 28 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 7 en contra e 27 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 48 votos a favor, 9 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 43 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 25 en contra e 8 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 18 e 35 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 59 votos a favor, 9 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 13, 27 e 34 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 48 votos a favor, 27 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 8, 29 a 31 e 42 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 16 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 5, 6, 17, 26, 37 e 50 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 9 en contra e 25 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución números 33, 36, 44 e 46 a 49 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia, agás as xa votadas: *aprobadas por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.

Retómase a sesión ás once da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Señoras deputadas, señores deputados, por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Bos días, reiniciamos a sesión co debate e votación das propostas de resolución.

A sesión, segundo o acordo da Mesa e Xunta de Portavoces do día 8 de outubro de 2013, desenvolverase do seguinte xeito. En primeiro lugar, procederase á comunicación por parte do secretario da Cámara das propostas de resolución admitidas pola Mesa e os escritos dos grupos parlamentarios solicitando as súas agrupacións para as votacións. A continuación, rolda de intervencións dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución por un tempo de vinte minutos por grupo parlamentario, e rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario. Por último, procederase á votación das propostas de resolución.

Polo tanto ten a palabra, en primeiro lugar, o secretario da Cámara, o señor Balseiro.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): “Acordo de cualificación e admisión a trámite das propostas de resolución.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 16 de outubro de 2013, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2013, tendo en conta os criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 8 de outubro de 2013, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, adoptou o seguinte acordo.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG. Documentos números 13922 e 13923 e

corrección de erros no documento 13930; 100 propostas de resolución presentadas.

Propostas de resolución admitidas a trámite. Decláranse congruentes e admítense a trámite 50 propostas de resolución do documento co número de rexistro 13922. E admítense igualmente a corrección de erros nas propostas números 17 e 18 feita no documento co número de rexistro 13930.

Para os efectos do cumprimento do acordado nos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 8 de outubro de 2013, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, inclúense reformuladas as seguintes expresións nas propostas de resolución seguintes.

Proposta de resolución número 39. Despois de: ‘a Xunta de Galicia’ inclúese a expresión ‘no marco da política cultural xeral’. Proposta de resolución número 18. A Mesa acorda segregar a parte final da resolución para considerala como parte expositiva, quedando a proposta de resolución do seguinte xeito: ‘O Parlamento insta a Xunta de Galicia a ter un compromiso activo para evitar os desafiuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos os cidadáns a unha vivenda digna’.

Propostas de resolución non admitidas a trámite. Conforme os criterios de cualificación aprobados pola Mesa, oída a Xunta de Portavoces, o 8 de outubro de 2013, non se admiten a trámite as 50 propostas de resolución formuladas no documento co número de rexistro 13923 porque, xunto coas presentadas no documento co número de rexistro 13922, con corrección de erros no número 13930, exceden do número determinado acordado.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 13925.

Propostas de resolución admitidas a trámite. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 50 propostas de resolución. En relación coa que se indica a continuación, faise a observación seguinte. Para os efectos do cumprimento dos requisitos do Regulamento da Cámara, inclúese despois de ‘o Parlamento insta o Goberno galego’ a frase ‘que solicite a constitución dunha’, xa que, malia que a Xunta de Galicia

está lexitimada para facelo, non pode constituír directamente comisións parlamentarias de investigación.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, documento número 13924.

Propostas de resolución admitidas a trámite. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 50 propostas de resolución.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 13926.

Propostas de resolución admitidas a trámite. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 50 propostas de resolución.

Para os efectos do cumprimento do acordado nos criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara do 8 de outubro de 2013, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, inclúese reformulada a seguinte expresión na proposta de resolución seguinte. Proposta de resolución número 48: despois de ‘para o que se creará un grupo de traballo no Parlamento de Galicia’ inclúese a expresión ‘logo de cumpridos os trámites regulamentarios’”.

“Acordo sobre as propostas de transacción e petición de votación separada de propostas de resolución.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 17 de outubro de 2013, logo de examinadas as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución, tendo en conta os criterios establecidos pola Mesa da Cámara o 8 de outubro de 2013, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, adoptou o seguinte acordo: tomar coñecemento das peticións de votación separada das propostas de transacción e das corrección de erros seguintes:

Propostas de resolución corrixidas: 13949. Corrección de erros da proposta de resolución número 3, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Propostas de resolución transaccionadas: 13964. Proposta número 40, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, transaccionada co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. 13966. Proposta número 45, do Grupo Parla-

mentario da Alternativa Galega de Esquerda, transaccionada co Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Solicitudes de agrupación de votación separada das propostas de resolución: 13967, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; 13968, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Solicitud de votación singularizada: 13969, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; 13970, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda; 13971, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán a votación. Someterase a votación a parte resolutive e non a parte expositiva das propostas de resolución.”

E, finalmente, damos lectura ás dúas transaccións que houbo.

“Proposta número 40, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, transaccionada co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

‘O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao desenvolvemento da xestión clínica co obxectivo de facilitar a participación e a autonomía profesional na xestión. A mesma responderá sempre a un modelo de xestión directo, sen personalidade xurídica propia, para evitar a súa posible conversión en fundacións, consorcios e empresas. O réxime xurídico co persoal das mesmas será o de estatutario.’

Proposta de resolución número 45, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, transaccionada co Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

‘O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo o Plan de incorporación á actividade agraria, onde se contemple a dotación de recursos técnicos e humanos ás oficinas agrarias comarcais, especializados para o servizo de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, coas funcións de estudo, titorización e seguimento de proxectos de incorporación e asesoramento técnico e de xestión ás explotacións agrarias. A creación de liñas para prácticas en explotacións agrarias e liñas de axuda a circulante, dentro das axudas á incorporación de novos activos

agrarios para o inicio da actividade, que inclúan gastos de constitución de sociedades, das cotizacións á Seguridade Social, para a compra de insumos, etc.

Débense de iniciar procesos de colaboración do Bantegal cos concellos galegos para que estes xestionen no seu ámbito as terras dispoñibles, poñendoas á disposición dos interesados na creación de iniciativas no rural, así como establecer medidas de colaboración entre o Instituto da Vivenda e Solo e os concellos para a creación de bolsas de vivendas en réxime de aluguer e compra, ligando as axudas á creación de emprego e á fixación de xente no rural.

Potenciación dos mercados locais a través de axudas económicas a concellos. Potenciación dos circuitos curtos de comercialización, así como un labor de difusión institucional das vantaxes da compra local e establecer plans específicos para sectores innovadores, como poden ser a fruticultura, a agricultura, a gandería ecolóxica ou o micolóxico, marcando obxectivos e medios de avaliación da eficiencia dos plans.”

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, secretario.

Damos, pois, comezo ao debate e votación das propostas de resolución, comezando pola rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, traio hoxe comigo este álbum, que é o *Atila en Galiza*, un dos álbums que debuxou Castela para denunciar a terríbel represión que estaba causando o fascismo no noso país. Mais, por desgraza, este Atila non forma parte do pasado; setenta e seis anos despois Atila está de novo na Galiza. O señor Núñez Feijóo [...] (*Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*), aplicando políticas crueis, inxustas e inútiles, que están causando un auténtico desastre social. Porque, señorías, señor Feijóo, deben saber que as súas políticas están causando dor e sufrimento a milleiros de galegos e galegas.

As súas políticas condenan a Galiza a ser un país sen futuro, e tamén teñen vítimas. As súas vítimas son as 79.000 familias sen ningún ingreso; son os mozos e mozas que teñen que emigrar; son os desafiuizados. Tamén son as súas vítimas os nenos e as nenas ás que vostedes lles están recorlando a educación ou os enfermos aos que castigan con repagos e máis repagos, poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

Señor Núñez Feijóo, o problema deste país non é a oposición, o problema deste país é un goberno que lle fai oposición a Galiza. E o lamentábel, señoras e señores do PP, é que vostedes non queren mudar nada nin recoñecer o seu fracaso. A austeridade non nos vai sacar da crise; o seu crecemento solidario só serve para que os ricos sexan cada vez máis ricos e os pobres máis pobres. Este ano, señor Feijóo, non é o ano da recuperación económica, é o ano da súa amizade cun narco, é o ano da trama Gürtel, é o ano dos floteis fantasmas e é tamén o ano do paro. Mais vostedes, en vez de combater a crise e defender a Galiza, prefiren seguir xogando á manipulación, á mentira e á difamación. Mais xa saben que as mentiras nunca chegaron a vellas.

Hai un ano afirmaba vostede en campaña electoral que os contratos con Pemex eran firmes e que ían crear milleiros de postos de traballo. Debe saber, señor Feijóo, que os estaleiros non están cortando chapa nin en Ferrol nin en Vigo, e preguntámonos se non lles cae a cara de vergonza por xogar coas esperanzas e o pan dos traballadores e as traballadoras do naval.

Tampouco, señor Núñez Feijóo, ten vostede lexitimidade para falarnos de exemplaridade na política. ¿Exemplaridade é manter no seu Goberno ao delegado de Ourense, acusado de malversación de fondos públicos, e a todos os cargos do PP imputados? ¿É exemplaridade que nos mentira sobre a súa amizade cun narco? ¿É exemplaridade ocultar os contratos da Xunta con Marcial Dorado ou coas empresas da trama Gürtel? Lembrámoslle ademais, señor presidente, que, segundo a lei que regula o funcionamento da Xunta e da Presidencia, enviar esa documentación ao Parlamento é unha competencia directa súa. É evidente, señor Núñez Feijóo, que ten moito que ocultar.

Falounos tamén o martes de buscar consensos, mais en realidade vostede só é experto en rompelos. Había un con-

senso sobre a lingua, mais vostede dinamitouno. Ten hoxe a oportunidade de retomar un consenso importante: derroque o decreto da vergoña e aplique o Plan xeral de normalización lingüística.

Tamén, señor Núñez Feijóo, había un consenso sobre as caixas, mais vostede tamén o rompeu, porque, evidentemente, moito mellor que cumprir ese consenso era ser submiso e obedecer a Méndez e Gayoso.

Señor Feijóo, vostede non ten credibilidade. Non confiamos na súa palabra porque realmente vostede mente máis que fala. Ofrece consenso e empeza rompendo as regras de xogo deste debate, limitando os tempos e a posibilidade de presentar propostas. Cando vostede estaba na oposición podía presentar máis de 500, non sabemos por que agora 50 son moitas; non sabemos por que insisten en seguir recorrendo a democracia.

Señorías, no Bloque Nacionalista Galego temos claro que Galiza ten máis de 50 problemas e o BNG ten máis de 50 propostas alternativas para mudar o rumbo errado do seu Goberno. Temos propostas para recortar en gasto inútil: eliminan os gastos de propaganda, supriman as deputacións ou aposten dunha vez por recortar o gasto militar, o da Casa Real ou as aportacións á Igrexa.

Temos propostas para facer reformas fiscais xustas: que paguen máis os que máis teñen. A súa proposta de rebaixar o IRPF é unha fraude. Os galegos e galegas que se beneficien desta iniciativa deducirán como moito 63 euros, mais a vostede o martes esqueceulle dicir que as rendas máis baixas seguen tributando máis que antes da chegada do Partido Popular ao goberno. Esqueceulle tamén dicir que coa suba do imposto sanitario todos os galegos e galegas van pagar máis impostos, co agravante, señor Núñez Feijóo, de que un parado pagará igual o imposto da gasolina que o señor Amancio Ortega. E nós dicimos que o señor Amancio Ortega, e tantos dos que no medio desta crise se están enriquecendo, ben poden pagar un pouco máis.

Iso, señor Feijóo, si que sería xusto, e non seguir saqueando as pensións dos emigrantes retornados. Se vostede respectara a emigración, exixíralle ao señor Montoro que lles devolvera eses cartos, mais xa sabemos que vostede non ten valor nunca para enfrontarse a Madrid. *(Aplausos.)*

E queremos tamén dicirlle que, se de verdade lle preocupa o mantemento dos servizos públicos, o que ten que facer é romper con este modelo de financiamento inxusto que discrimina o noso país; apostar porque Galiza teña capacidade fiscal plena. No BNG non queremos que sexa o Estado quen recade os impostos dos galegos e das galegas e logo decida que parte nos dá. Queremos facer xusto o contrario: recadar nós e decidir que queremos facer, conforme as necesidades que existen no noso país, con eses cartos. Mais vostedes teiman en vendernos unha solidariedade que non existe; o Estado non é solidario con Galiza, o Estado recada máis no noso país do que logo inviste. Queremos saber, señor Núñez Feijóo, se vai vostede aceptar que reclamemos para o noso país que o que pagan as empresas a través do imposto de sociedades repercuta nas arcas galegas, como pasa, por exemplo, en Euskadi. Isto significaría 1.000 millóns de euros máis ao ano. E nós cremos que eses cartos estarían moito mellor investidos na sanidade, na educación, en políticas para loitar contra o paro, que seguílos destinando a financiar guerras inxustas, á Conferencia Episcopal ou a pagar as operacións do Rei na sanidade privada.

Xa sabemos, señor Núñez Feijóo, que vostede é un centralista convencido, mais nós somos nacionalistas e defendemos e aspiramos a un país que teña soberanía plena. Facémolo porque acreditamos nas capacidades e nas potencialidades que ten Galiza, e non nos cansaremos de repetir que Galiza non é un país pobre, Galiza é un país empobrecido, e que, desde logo, padece a marxinação á que nos somete tanto este Estado español como a Unión Europea.

E, digan o que digan, a culpa desta crise non é de todos. O BNG non apoiou a Constitución, tampouco este modelo de Unión Europea, e mentres todas as forzas estatais se sumaban entusiasticamente a esa aventura, nós xa dicíamos “Mercado Común Europeo, ruína do pobo galego”. *(Aplausos.)* Alertabamos naquel momento das graves consecuencias que ía supoñer ese modelo de Europa: a destrución do noso tecido produtivo, baixos salarios, privatización de servizos públicos, exactamente o que estamos vivindo neste momento. Por iso dicimos que Galiza precisa ter capacidade para decidir, soberanía real fronte ao espolio que estamos vivindo neste momento. Porque a crise non lle afecta igual a todas as persoas, pero tampouco lle afecta igual a todos os territorios. O modelo económico do neoliberalismo é letal, mais tamén o é a nosa irrelevancia política. A subordinación

de Galiza incide directamente na destrución de emprego no noso país.

Miren, Francia, Holanda ou Noruega están construíndo os barcos que se deixaron de facer nos estaleiros da ría de Vigo por esa inxusta suspensión do *tax lease*. Ferrol segue a sufrir un veto inxusto, único na Unión Europea, e tamén os incumprimentos das súas promesas, das promesas que fixo o Partido Popular en campaña electoral: dique flotante, carga de traballo. Mais miren, o Estado si que financiou o dique flotante nos estaleiros de Cádiz. Pero xa sabemos cal é o destino que lle dá o Estado ao naval galego: paro e miseria. As limitacións na nosa pesca, no noso agro, no desenvolvemento dos nosos sectores produtivos responden exactamente ao mesmo patrón. Por iso nós defendemos capacidade real para decidir, defendemos competencias reais e plenas para apoiar os nosos sectores produtivos e frear o espolio que vive Galiza.

Fixense, nós hoxe, nas nosas propostas de resolución, imos defender algo tan básico como que os galegos e galegas poidamos beneficiarnos da produción de electricidade. Temos, señor Feijóo, que recoñecerlle que grazas ao seu goberno, grazas ao canon eólico, os galegos e galegas, sendo produtores de electricidade, podemos acabar pagando a luz máis cara que no resto do Estado. Por iso nós, fronte a este espolio, o que defendemos é unha tarifa eléctrica galega que supoña unha redución do 20 % do custo da electricidade no noso país. É posible hoxe, coa legalidade que hai, facelo, o problema é se este goberno ten vontade política para levalo adiante.

Mais por desgraza este non é o único espolio que hoxe vivimos. Novagalicia Banco é outro exemplo dos éxitos do Goberno do señor Núñez Feijóo; un éxito que nos vai traer graves consecuencias. A verdade é que empezamos a pensar que morremos de éxito, señor Núñez Feijóo.

Miren, nós o que dicimos é que hai que paralizar a venda de Novagalicia Banco. Porque vostedes poden dicir o que queiran, pero, cando Novagalicia Banco sexa vendida, vai ser tan galega como o BBVA ou como o Santander. E tamén dicimos que non chega con iso, hai que cambiar ese modelo de banca especulativa que só serve para que uns poucos se beneficien, por iso defendemos unha banca pública galega ao servizo do noso país, ao servizo do desenvolvemento eco-

nómico, para que o aforro dos galegos e das galegas non fuxa tamén de Galiza. Banca pública, señor Núñez Feijóo, que, aínda que non se queira enterar, existe en toda Europa e no mundo.

Mais hoxe non queríamos esquecer aos que sofren os abusos deste sistema, e queremos pedir xustiza para as vítimas da política criminal da banca. Xustiza sería que os antigos dirixentes das caixas non estiveran desfrutando de *relaxings* pensións multimillonarias, senón que estiveran no banco dos acusados. Xustiza sería que se lles devolvera o cen por cento dos seus aforros aos estafados polas preferentes. E xustiza tamén sería acabar cunha lexislación hipotecaria inxusta que mata; porque teñen razón os que din que non son suicidios, son asasinatos. Propoñemos medidas reais –non medidas nun papel– para frear os desafiuzamentos. Que se estableza unha quita ás hipotecas das familias por seren vítimas dunha estafa hipotecaria. Porque, señorías, a banca si que viviu por riba das súas posibilidades, e o que é realmente insultante é que, mentres lle entregan 66.000 millóns de euros aos bancos, intenten convencernos de que non hai cartos para o ensino, para a sanidade, para a educación ou para as pensións. Unha mentira máis que só busca xustificar o seu programa de desmantelamento de dereitos e de servizos públicos.

Mais nós seguiremos defendendo os servizos públicos, que non apliquen ese cruel e inhumano repago aos enfermos crónicos, ás persoas que teñen cancro; que o recorran por inconstitucional. Acaba de facelo o Goberno vasco, non sabemos por que o señor Núñez Feijóo non tivo tempo aínda de ocuparse dun asunto tan importante. Hai alcaldes nacionalistas que xa están dicindo que van poñerse do lado dos enfermos, que lles van pagar os medicamentos. ¿Por que non o fai a Xunta? (*Aplausos.*) ¿De verdade non lles preocupa que vaia haber no noso país milleiros de persoas que non van poder pagar estes medicamentos? É que teñen vostedes, de verdade, un corazón de pedra.

Pedímo-lles de verdade que tamén defendan o ensino público: que se opoñan á LOMCE, que supriman os concertos con eses centros educativos do Opus Dei sexista, que paren ese inxusto decreto de comedores, que recuperen a gratuidade da educación pública no ensino obrigatorio, mais tamén na universidade. E miren, se de verdade están preocupados polos nosos investigadores, en vez de condenalos

ao paro, á precariedade ou á emigración, o que teñen que facer é recuperar os programas que vostedes suprimiron, incrementar o gasto en I+D e definir dunha vez unha carreira investigadora galega que acabe coa súa precariedade.

E solicitámoslle tamén que paren eses recortes inxustos a todos os traballadores e traballadoras públicos. O respecto polos empregados e empregadas públicos non se demostra con medallas despois de catástrofes, demostrase defendendo os seus dereitos e defendendo os servizos públicos, señor Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

Mais non podíamos hoxe esquecer que é o Día Internacional contra a Pobreza; pobreza que medra no noso país a uns niveis realmente alarmantes. E permítanme que, neste sentido, faga referencia a unha proposta do BNG: crear unha renda de garantía social, unha renda que lle garanta a todo o mundo uns ingresos mínimos para poder vivir con dignidade; vivir con dignidade, que é un dereito humano fundamental, aínda que a vostedes se lles esqueza. Esta é unha medida non só contra a pobreza, é unha medida non só solidaria e xusta, senón tamén unha medida para loitar contra a precariedade laboral, que hoxe é unha nova forma de escravitude para moita xente no noso país.

Mais, señorías, esta crise tamén está poñendo de manifesto a profunda crise ambiental que vivimos. Hai que cambiar o modelo, e nós dicimos que ten que dar vostede pasos nesa dirección, sacar as empresas contaminantes das nosas rías, como Ence, paralizar definitivamente ese modelo neocolonial e destrutivo de megaminería, apoiar realmente o ferrocarril, pero non para chegar canto antes a Madrid, senón para que os galegos e galegas poidan ir en tren no seu país, para que poidamos ir da Coruña a Vigo, de Ferrol á Coruña ou de Lugo a Ourense. A súa preocupación é chegar canto antes a Madrid, e non se preocupou cando o Goberno central recortou todos os servizos de proximidade que existían no noso país.

Reclamamos unha nova política forestal que poña freo ao abandono do monte, que cree emprego e que impida que os incendios ameacen vidas, casas e os nosos montes. No BNG non queremos ter que chorar de novo porque arden as Fragas do Eume, porque arde O Courel ou porque arde o monte Pindo. E o que lle dicimos é que para solucionar iso, desde logo, non imos facelo co Código penal, hai que mudar

as políticas forestais, as políticas agrarias e tamén as políticas de xestión dos espazos naturais protexidos.

E, señorías, como nos queda moi pouco tempo e creo que non me vai dar tempo a todo, si quero facer mención a un aspecto, como é a defensa da democracia, hoxe en risco claramente. No BNG sabemos que a democracia que hai no Estado español é unha democracia limitada. Temos tamén moi claro que a democracia non se defende recortando liberdades e dereitos, perseguindo as persoas que están denunciando as políticas crueis que vostedes fan nin tampouco negándolles o dereito aos pobos a decidir. Nós hoxe dicimos que hai que condenar o franquismo e pedir a dimisión de quen fai apoloxía dos crimes cometidos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que hai que acabar coa impunidade de quen violou dereitos humanos e cometeu crimes contra a humanidade.

Propoñemos tamén medidas para que o pobo realmente recupere poder de decisión. Vostede quería escoitar os galegos. ¿Vai aprobar unha proposta de resolución na que lle propoñemos unha lei de consultas populares? Son conscientes de que quedan temas importantes hoxe por expoñer, que van nas nosas propostas de resolución, pero realmente é imposible, co tempo que se nos dá. Hoxe temos, para defender estas propostas, cinco minutos máis que no debate dunha lei; realmente un trato desigual para este Parlamento.

Mais quixera rematar esta intervención dirixíndome a todas as persoas que loitan contra os seus recortes e as súas políticas inxustas, que loitan e que aspiran a unha Galiza dona do seu futuro nun mundo máis xusto. Nós sabemos que estamos vivindo un momento difícil, mais tamén dicimos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que hai esperanza, que as cousas poden mudar.

[...] *(Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)* está na Galiza, pero hai que lembrar que [...] *(Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3*

do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.) foi derrotado no pasado e que será derrotado no futuro. Ou, se prefiren, recollendo un dito da nosa sabedoría popular –que, ademais, penso que é moi bo, polo tempo no que estamos–, [...] *(Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, se lle parece, as dúas últimas expresións imos retiralas porque creo que atentan contra o decoro desta Cámara.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Ten a palabra a señora Díaz para defender as súas propostas.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días a todos e a todas.

Os pasados días citábase nesta Cámara unha magnífica economista, heterodoxa, combativa, marxista, que se chama Loretta Napoleoni. Señor presidente, ten un libro magnífico, *Democracia en venta*, recoméndolle que o lea. E vou citar só un parágrafo deste magnífico libro para enmarcar o contexto das propostas que vai formular Alternativa Galega de Esquerda.

Ela di, fala, dunha democracia en venda, dunha Europa caníbal e fala do colar dos suicidios, pois a austeridade non é máis que unha soga que Bruxelas lle pasou polo pescozo á poboación dos países da periferia de Eurolandia, e entre eses países atópase Galicia. Ela pregúntase: ¿por que morre tanta xente? E ela contesta: hoxe morre tanta xente polas débedas. As mortes son a consecuencia da grande austeridade. Neste contexto ubícase a súa praxe política, señor Feijóo, durante este quinquenio no que vostede goberna.

Pero, señor Feijóo, AGE quere desmontar o seu Camelot particular; debe ser que a bruma da súa casa en Monte Pío lle impide ver a realidade dos datos. E imos desmontar algúns dos seus datos para contraatacar coas nosas propostas.

En primeiro lugar, señor Feijóo, non estamos saíndo da recesión, estamos na recesión. Non pode falar vostede de

recuperación cando os datos do PIB dende que goberna os sitúan nunha deterioración, nun recorte, por encima do 6,2 %; neste intre, neste ano, o -1,4 %. Non saímos da recesión, señor Feijóo. Pero é que, ademais, é o presidente que máis recortou o noso orzamento. Pasamos, cando chegou ao Goberno, dun orzamento de 11.426 millóns de euros a un orzamento, no 2014, que se anuncia de 8.456 millóns de euros. Falar de recortes é falar de dramas; falar de reducir o orzamento é falar de desafiuzamentos, de paro, de pobreza, de fame e de miseria. Por tanto, señor Feijóo, combatemos as súas cifras.

Non é certo, señor Feijóo, que Galicia sexa unha das comunidades máis solventes ou con menos déficit do noso Estado español, non é certo; o que é certo é que vostede é un experto en maquillar as cifras contablemente. Lembre: pechar o exercicio contable en setembro, e lembre ese informe do Consello de Contas no que fala dun desvío de máis de 400 millóns de euros. Non é certo, mente á cidadanía do noso país.

E non é certo nin é solvente un goberno, señor Feijóo, que coloca ou triplica a débeda dende que vostede chega. Chega a Monte Pío cunha débeda de 3.900 millóns de euros. Hoxe, señor Feijóo, superamos os 9.000 millóns de euros, e non o di Alternativa Galega de Esquerda, estao a dicir o Banco de España. Estanos a dicir o Banco de España que vostede, señor Feijóo, por mor deses 9.397 millóns de euros que pagamos ao servizo da débeda, efectivamente, lle pasa de adicar o 3,3 % do orzamento a adicar o 16 % a pago de xuros e principal da súa débeda, señor Feijóo. Iso supón adicar máis un terzo do orzamento de sanidade, máis dun terzo de sanidade, ao pago desa débeda insensata, inmoral e ilexítima.

Señor Feijóo, o profesor Corbacho sinala que coa suma da súa débeda, xunto coas colaboracións público-privadas, nos atopamos por enriba dunha débeda de máis de 14.000 millóns de euros. Dío o profesor Corbacho; creo que é digno de saber algo destas cuestións.

Polo tanto, señor Feijóo, combatemos a súa débeda, queremos saber en que foi investida, e AGE, nunha das súas propostas de resolución, exíelle unha auditoría da mesma. Os galegos e as galegas, xa que adican o 16 % do orzamento ao pago de xuros e aos seus amigos da banca, queremos saber en que foi investida, porque en sanidade, en escolas, en

comedores, na Lei da dependencia, dende logo, non. Xuros para o pago do servizo da débeda, ¡unha indecencia!

Pero tamén queremos desmontar, señor Feijóo, a súa gran mentira respecto do paro. Vostede chegou a Monte Pío no 2009 e tiña unhas cifras de paro, segundo a EPA –hai que ser rigoroso señor Feijóo, hai que ser rigoroso e non mentirán–, do 12,9 %. Eu repasei a súa intervención fronte ao señor Touriño. Puña o señor Touriño a pan pedir –Señora presidenta, permítame a expresión “a pan pedir”–, exixíalle todo tipo de medidas contra o paro. Señor Feijóo, daquela o paro, no 12,9 %, supuña 170.400 persoas. Hoxe o seu rédito, o seu fracaso, señor Feijóo, é que temos unhas cifras de paro, segundo a EPA, do 22,4 %; é dicir, 208.200 persoas, que son seres humanos, señor Feijóo, que teñen dereito á vida, son a súa responsabilidade. Señor Feijóo, o seu éxito dende que chega a Monte Pío, a ese particular Camelot, é destruír 141.000 postos de traballo, iso que vostede lle exixía ao señor Touriño. Estes son datos.

E tamén datos, señor Feijóo. Eu, que veño da comarca da fame, de Ferrolterra, do sector naval, que vostede ten o ránking da destrución do emprego público: 67.000 postos de traballo no sector público, no sector industrial. Señor Feijóo, son o 30 % dos empregos deste sector.

E o máis grave, señor Feijóo: hoxe é o Día Mundial contra a Pobreza, e o máis grave é que vostede practica políticas criminais. Menten nas cifras cando din que hai cobertura social de desemprego por riba do 60 %. ¡Falso! Só unha de cada tres persoas que hoxe están en desemprego ten cobertura de desemprego, señor Feijóo. Hai 200.000 persoas en Galicia que, estando no paro, non perciben prestación de desemprego. ¿Vai facer algo fronte a isto, señor Feijóo? AGE ponlle enriba da mesa unha proposta de resolución para complementar e para paliar estas políticas catastróficas. Esperemos que o seu partido vote a favor da mesma, se é que ten alma; corazón xa sabemos que non ten, pero, se ten alma, debería de pensar nesas xentes: 200.000 persoas que non perciben nada. Mire, señor Feijóo, hai 91.000 familias que teñen a todos os seus membros en desemprego, ¡a todos os seus membros en desemprego!, nin por caridade nin á dereita da caridade. Isto é a fame, señor Feijóo.

E nin sequera chegamos ao millón de cotizantes na Seguridade Social. Tamén este é o seu fracaso. Galicia tiña, dende

que chega a Monte Pío, ás brumas de Monte Pío, no 2009, 1.147.400 cotizantes á Seguridade Social. –Señor Puy, mírame, non me vai desmentir, son datos rigorosos.– Hoxe temos 921.170, a historia dunha catástrofe, a súa nefasta xestión. Pero é que, ademais, señor Feijóo, o Día Mundial contra a Pobreza é que Galicia hoxe é máis pobre, que morremos de fame.

Vostede cuestionaba o outro día e mesmo frivolisaba co Informe de Cáritas. Nós somos marxistas, pero de verdade que, nos datos de pobreza, se alguén sabe disto, é Cáritas, e de verdade que di que Galicia ten 650.000 persoas no limiar da pobreza, e de verdade que di que os nenos e nenas do noso país nun 26 % morren de fame, son pobres. Señor Feijóo, AGE dille que retire o comedor, o decreto de comedores escolares. AGE dille que adique recursos públicos ao ensino do noso país; dille, ademais, que centre neste orzamento que creza o PIB nun 5,1 %, nunha senda do crecemento ao 7 %; e dille tamén, no ensino público, que, efectivamente, deixe de, coa man dereita, darlle recursos de docentes ao ensino concertado para adicalos ao ensino público. O seu ránking de destrución masiva tamén é destruír 1.225 docentes no noso país. Queremos que volvan á pública, e así llo pedimos nunha proposta de resolución de AGE.

Pero queremos algo máis, e é que queremos, nunha das nosas iniciativas, que se vaian retirando paseniñamente –fíxese se somos prudentes– os concertos educativos que hoxe están espallados polo conxunto do noso país.

Queremos, ademais, que, para combater a pobreza, señor Feijóo –sen matices, non o que están regulando vostedes–, introduzan unha renda básica, universal e subxectiva no noso país. A xente, por nacer e por vir ao mundo, ten dereito a comer. Exixímoslles –e esperámolo– que voten a favor desta renda básica, con todos os matices, e que consignemos cantidades importantes no orzamento para o mesmo.

Pero é que, señor Feijóo, ten outra camiseta tamén potente, unha camiseta que é a de colocarnos nas pensións máis pobres do Estado español. Fíxese, vostede aplaude coas orellas o recorte de 33.000 millóns de euros aos pensionistas do noso país, ás pensionistas, aos labregos e labregas do noso país, e, con esa mesma man, vostede defende con fortaleza o que di a impresentable politicamente señora Báñez, que é sinalarnos ou colocarnos no último lugar do Estado español.

¿Sabe cal é a media da pensión galega? Xa llo dixen nunha sesión de control, 721,78 céntimos de euros, señor Feijóo. ¿Que nos ten que dicir? Nós pedímoslle nunha proposta de resolución que complemente todo isto. Pedímoslle que mude o modelo, que mire cara ao País Vasco, dese do que só fala para o que lle interesa. Pero, mire, señor Feijóo, ¿sabe cal é a media, segundo os datos oficiais, da pensión media dun autónomo no noso país? Pois 527 euros, por debaixo do limiar da pobreza. Pedímoslle nesta iniciativa que complemente estas dramáticas pensións.

Pero, mire, señor Feijóo, o drama das súas políticas. Eu repasaba tamén a intervención súa fronte a Touriño, porque era terrible, había preto de 300.000 vivendas baleiras no noso país. É certo, señor Feijóo, no día de hoxe temos 290.396 vivendas baleiras, casas sen xente, xente sen casas, sen teito, señor Feijóo. Alternativa Galega de Esquerda pídelles varias cousas: a primeira delas, que sexa valente, que mire –tanto que a cita– a Andalucía. Expropiemos o uso das vivendas que se atopan baleiras, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Xa que cita a Andalucía, copie tamén as medidas de Andalucía. Esa é unha das propostas que propoñemos.

Pero, ademais, dicímoslle que mude a lexislación que ten que ver coa vivenda, que deixe de mirar cara aos banqueiros, que non mire para eles, que claro que hai que ser valente e introducir e normalizar a dación en pago. Vostede é xurista, e debería de saber que isto é normalizar un marco xurídico que hoxe é unha indecencia no noso país.

Pero, mire, señor Feijóo, dende que chega vostede, superamos os 9.000 desafuzamentos no noso país, ¡unha cousa severa! Dende Monte Pío, señor Feijóo, no 2009, a razón de 17 diarios, e doulle o dato do Consello Xeral do Poder Xudicial: no primeiro semestre deste ano –señor Feijóo, non mentirá o Consello Xeral do Poder Xudicial, seguro que non– practicáronse, executáronse, 693 lanzamentos, dun total de 880 peticións. Aínda nestes días, os compañeiros e compañeiras da AGE estabamos evitando desafuzamentos na provincia da Coruña. Esta é a súa política. E non nos vale, señor Feijóo, que nos diga que asinou un convenio coa Fegamp e co Consello Galego. Por favor, señor Feijóo, os papeis nas gabetas, queremos políticas activas e decencia para garantir os dereitos humanos no noso país.

E vou falar dos impostos, porque esta última proposta súa nos deixou, en fin...

Primeiro, señor Feijóo, non é certo que baixar os impostos sexa de esquerdas, non o foi nunca, pero, mire, dende que o Partido Popular chega ao Goberno o único que fan é subir os impostos, mentíndolle á cidadanía. Soben o IVE, imposto regresivo, seguen cun trato favorable á Igrexa católica, soben o imposto de sociedades e soben, señor Feijóo tamén, unha barbaridade o IVE aos produtos culturais, pasando do 4 % ao 21 %, unha inmoralidade. AGE –nesta cuestión concreta– ponlle enriba da mesa unha batería de propostas de contrarreforma fiscal para a súa política, de reforma fiscal na nosa, que xusto avancen na cara da progresividade fiscal, e sobre todo incorporando –señor conse lleiro de Cultura, creo que é unha boa iniciativa, pode votala por separado– o bono cultural; é dicir, que nós cubramos esa diferenza que temos ata o 21 %, porque, do contrario, é que as artes plásticas, escénicas, a cultura, os libros, no noso país, é mellor que desaparezan, non teremos futuro.

Pero, señor Feijóo, é unha inmoralidade –e vaimo permitir– que, practicando recortes severos, que atentando contra os funcionarios e funcionarias públicos, sexa vostede o único presidente que siga a recortar e a atentar contra os funcionarios e funcionarias públicos, mentindo en medios de comunicación en dúas ocasións e dicindo que non ía practicar o recorte nas pagas extras, e volve outra vez recortar as pagas extras nunha senda dunha redución dun 30 % salarial nos funcionarios e funcionarias públicos do noso país.

É unha inmoralidade, dicíalle –e nisto voume deter–, que mentres que quere incorporar para todo o mundo un imposto indirecto, gravando co céntimo dos hidrocarburos adicado presuntamente á sanidade, vostede coa outra man rebaixe un imposto directo, que é xustamente –como vostede sabe– unha medida de maquillaxe, porque, primeiro, por unha razón obvia, moitas desas persoas están exentas de tributar e, en segundo lugar, señor Feijóo, porque vostede prefire, fronte a eses 56 millóns de euros da recadación do imposto de hidrocarburos, que os enfermos, os doentes, a xente con cancro paguen e a outra xente, cunha medida que tan só vai supor pouco máis que 30 millóns de euros, efectivamente, en impostos directos, vostede llo regale. Inmoralidade, señor Feijóo; é unha inmoralidade, e aí levamos moitas iniciativas. Dende logo, se algo hai que facer é non

subir os impostos indirectos. E falar nestes tempos, xustamente, de rebaixar os impostos, como o que está a facer, é tremendo.

Pero, señor Feijóo, temos moitas máis iniciativas, temos iniciativas importantes, como deixar de facer negocio coa AP-9. Queremos o rescate da AP-9, señor Feijóo, está máis que amortizada; queremos, na materia de sanidade, o rescate por incumprimento manifesto do hospital –chamado polo señor Santalices “público”– de Vigo; queremos a integración no Sergas do Instituto Oftalmolóxico, do Banco de Sangue, da Fundación 061.

Queremos o peche da Fundación da Cultura, señor conselleiro; que se adiquen estes recursos á política cultural do noso país.

Queremos –como lle dixen– un plan de emprego –vital–. Se vostede fora un presidente de tal nome, o primeiro que debería de facer é xa estar combatendo esas inenarrables cifras de desemprego.

Queremos tamén, medioambientalmente –señor Feijóo–, a saída de Sogama, un plan alternativo ao mesmo. Queremos que as térmicas do noso país, As Pontes e Meirama, se acomoden á redución do 30 % no ano 2020, todo o contrario do que o señor Pedro Arias trouxo a esta Cámara.

Queremos –como lle dixen tamén– o peche de infraestruturas altamente contaminantes, e algunha delas absolutamente ilegais, como é a planta de gas de Reganosa, no interior da ría de Ferrol, e mesmo a saída de Ence.

Queremos medidas fronte á corrupción, fronte á man dereita, porque para vostedes os delitos económicos parece que son lixeiros: pena máxima, seis anos –falo de Bárcenas e destes señores, Modesto Fernández e eses que son os da cova de Alí Babá–. Queremos que deixen de reprimir a xente do común neste país, señor Feijóo, reprimindo cun texto, cun Código penal, que quere converter a todos os traballadores e traballadoras deste país en delincuentes.

E, señor Feijóo, vostede ten tres grandes fracasos na súa vida, tres grandes fracasos: o primeiro, Novagalicia Banco. Señor Feijóo, a responsabilidade da fusión foi súa, exactamente súa, non había auditoría que recomendase a

fusión das caixas galegas, non había ningún informe que recomendase a fusión, ¡non había auditoría! Pero, señor Feijóo, vostede presumía de que ía ser o grande éxito para o noso país. Vostede agora mesmo permite consumir unha estafa, vender Novagalicia Banco. Nós queremos unha banca pública para Galicia, e, se non, en todo caso, queremos recuperar os 9.000 millóns de euros públicos de Novagalicia Banco, máis os 4.000 millóns de euros dos preferentistas estafados do noso país, eses dos que vostedes sabía –dío KPMG– que había que expedir 688 millóns de euros en preferentes, señor Feijóo. E queremos, ademais, que paguen esa base impositiva negativa de máis de 4.500 millóns de euros.

Ten unha segunda catástrofe, que é, efectivamente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...–vou ir rematando–, Pescanova. ¡Como presumían vostedes, señor Feijóo –¿lémbrese?–, fronte a Touriño! ¿Lémbrese daquela carta magnífica que mandaba á dirección de Pescanova dicindo que había que votar ao Partido Popular, porque non permitían o cabo Touriñán? ¿Lémbrese, señor Feijóo? Efectivamente.

E ten unha terceira eiva, unha dor inmensa: sector naval. Señor Feijóo, fixo campaña enganando os traballadores e traballadoras das comarcas de Vigo e Ferrolterra. ¡Indecente, indecente! Non hai contratos asinados en Pemex, señor Feijóo, xa o acaba de desmentir a dirección de Pemex, e, como é xurista, sabe que non os pode haber, porque é un proceso de licitación pública; estarían cometendo responsabilidades penais. Mente, señor Feijóo.

Queremos –e así llo propoñemos nas iniciativas que presentamos– carga de traballo xa, porque vai haber conflitividade social na comarca de Ferrolterra e de Vigo.

Queremos dique flotante –consignado nos orzamentos–, señor Feijóo, xa...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...–vou ir rematando– e queremos, señor Feijóo, financiamento, máis aló do *tax lease*, para a comarca de Vigo.

En definitiva, señor Feijóo –e remato, de verdade, xa– outra das súas mentiras é a balanza comercial positiva para Galicia. ¡Mentira! As únicas tres empresas que teñen balanza comercial positiva son multinacionais: Inditex, Citroën e Repsol, señor Feijóo, pero non o noso país, señor Feijóo, sexa rigoroso (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Na segunda quenda, señor Feijóo, imos ir presentando máis iniciativas, que teñen que ver coa soberanía alimentaria e cun montón de repagos que vostedes están a introducir.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente da Xunta, señorías, hoxe é o Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. Quero citar a Norberto Bobbio, que dixo nun determinado momento que “a igualdade ten que ser a estrela polar da esquerda”, algo que é imprescindible en momentos de auxe, porque fixarse só no crecemento fronte á igualdade en momentos de auxe leva mesmo á desigualdade; en momentos de recesión leva á catástrofe e, lamentablemente, é o escenario político, económico e laboral no que estamos en España e en Galicia.

Vou falar, por suposto, das iniciativas, das propostas de resolución presentadas polos socialistas, é verdade que no paradoxo dun debate do estado da Autonomía que dura un día máis, pero no que temos menos propostas de resolución e menos tempo para intervir; unha especie de cinta sen fin que podíamos estudar nalgún manual de ciencia política.

Pero, antes de falar diso, quero sacar a vea de profesor de Historia Económica –pouco tempo, pouco temo–, porque o discurso do presidente Feijóo do outro día demostrou, ou tentaba demostrar, unha cousa: que non hai alternativas e que isto é unha especie de designio divino, de fátum grego,

que nos leva indefectiblemente a sociedades máis pobres, máis desiguais e máis desequilibradas socialmente, e isto é radicalmente falso. Hai decisións conscientes, políticas e económicas, que se moven mellor e que teñen máis beneficios nestas sociedades dualizadas que en sociedades máis igualitarias.

E eu creo que todos coñecemos o que é o modelo social e económico europeo da posguerra, por certo, promovido fundamentalmente pola socialdemocracia, pero non só. Certos partidos do centro europeo, fundamentalmente con enfoques sociais cristiáns, participaron nesa configuración dun espazo social, político e económico. E tiña un esquema moi sinxelo, tratábase de conseguir salarios crecentes, baseados no incremento da produtividade, no incremento da dotación de capital humano. Eses salarios crecentes permitían un consumo crecente e permitían, cunha fiscalidade de impostos progresivos, unha recadación fiscal dos estados tamén crecente. E esta función redistributiva da renda e da riqueza é o que permitía ir consolidando un sistema público, un Estado do benestar, no que os dereitos esenciais, a sanidade e a educación, se consolidaban. E, por certo, esa consolidación da sanidade e sobre todo da educación pública, universal e gratuita é o que permitía seguir incrementando os niveis salariais, e, polo tanto, seguir incrementando o consumo das rendas medias e baixas. Era un esquema aceptado de maneira consensuada. Estou pensando en Konrad Adenauer –desde logo, nada sospeitoso de marxista-leninista, mesmo nin sequera de socialdemócrata–, que consolidou o milagre alemán en base a esta política. E lamentablemente isto muda, e muda porque hai unha decisión política, non hai un fracaso do sistema. Non está cansado o sistema, non está esgotado o sistema; hai unha decisión política de alguén –ou de algúns– para mudar este sistema. Porque este sistema que leva a sociedades máis igualitarias, nas que os poderes públicos provén a maior parte dos servizos públicos, significa menos negocio para moitos sectores privados estratéxicos. (*Aplausos.*) E non hai máis que iso, o resto é mitoloxía apoiada por medios de comunicación financiados pola dereita. Non hai máis que isto.

E houbo un cambio, claro que houbo un cambio, a partir dos anos oitenta. E houbo un cambio de modelo económico fundamental. Tratábase de baixar os salarios, porque baixando os salarios, primeiro, tiñas poboación máis débil á hora de negociar e, á vez, empezabas a menoscar a recadación

fiscal e, polo tanto, aparecían os déficits e as débedas. Pero aparecen por iso, non aparecen porque vivamos por encima das posibilidades nin porque Zapatero fixera o Plan E, ¡milongas! Non aparecen por iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non aparecen por iso, non, ¡sábeno perfectamente!. Eu entendo que teñan que facerse de novo, pero saben perfectamente que non aparecen por iso. Aparecen porque hai unha decisión política e económica xeral de que a recadación fiscal baixe, e, polo tanto, baixando a recadación fiscal constrúese a coartada para menoscarbar os dereitos públicos esenciais. E nisto estamos. (*Aplausos.*) Nisto estamos, señores. (*Aplausos.*)

E a proba de que estamos nisto tivémola e témola nesa especie de mantra do señor Feijóo que continuamente repite, e eu entendo que nun momento de crise e de dificultades tan fortes para as familias, sen unha mínima reflexión, pode venderse ben –sen unha mínima reflexión e coa axuda inestimable dalgúns medios de comunicación privados e, desde logo, dos medios de comunicación públicos–, que é esa historia de que paguen as taxas ou paguen por algúns servizos esenciais os que máis teñen. Isto tampouco é neutral, nin é altruísmo do señor Feijóo ou da dereita europea. Esta é unha estratexia perfectamente definida para o mesmo, para menoscarbar os sistemas públicos nos servizos esenciais, fundamentalmente sanidade e educación. Porque nos dereitos esenciais ninguén ten que pagar nada, (*Aplausos.*) independentemente da súa renda. (*Aplausos.*) Os que teñen, o que teñen que pagar son impostos verdadeiramente progresivos, non céntimos sanitarios para todos, mesmo para esas persoas xubiladas (*Aplausos.*) que para ir ao banco agora teñen que desprazarse ao concello do lado. (*Aplausos.*)

E este mantra de que se pague na sanidade e na educación por algunhas cousiñas, pouco a pouco, insisto, non é neutral e ten pasos progresivos. E os pasos progresivos son que a calidade dos servizos está alí onde os usuarios son as rendas altas da sociedade. Por certo, non inventa nada este deputado, está absolutamente contrastado empiricamente, e, se non, vexamos o modelo estadounidense. Vexamos onde está a calidade da educación ou da sanidade, e está en Harvard, en Yale ou no Hospital Anderson, de Huston. Está aí, efectivamente.

Desde logo, señor presidente, eu agradézolle o intercambio de opinións co voceiro, neste caso, do Partido Socialis-

ta. Pero, en todo caso, comparar os recortes que están existindo nos servizos públicos en Galicia e en España con Francia e con Alemaña significa ou unha indecencia, ou ignorancia. (*Aplausos.*) Así de simple, ou unha indecencia, ou ignorancia. (*Aplausos.*) E este é o marco no que nos movemos, e é neste marco no que, efectivamente, os socialistas imos plantexar algunhas das propostas de resolución que presentamos neste debate.

Dixo o señor Feijóo tamén, dunha maneira solemne –a verdade é que o seu discurso me recordou un pouco o enfoque bucólico-pastoril do período de entre guerras, cando se facían aquelas reportaxes que logo se enviaban a Bos Aires e á Habana para que os emigrantes viran a Galicia idealizada que perderon, que en realidade era unha Galicia de miseria e fame que os expulsou do país, pero que lamentablemente desde aquí se pretendía enganalos dicíndolles que perderan un paraíso, e non perderan ningún paraíso.

Dixo que os seus primeiros catro anos de goberno os avaliaran votando os cidadáns. Eu por iso vou falar só do último, vou dar por bo que, efectivamente, a anterior lexislatura, está avaliada. E vou falar do último seguindo o seu propio debate de investidura, pronunciado nesta Cámara o 27 de novembro do ano 2012. E vou preguntarme que mudou en Galicia e cara a onde, porque ao mellor, efectivamente, estamos indo cara a ese país do que falou, que dixo que tiñamos uns recursos paisaxísticos de primeiro nivel. Efectivamente, creo que as cataratas Zambeze, en Zambia, tamén son un recurso paisaxístico de primeiro nivel, (*Aplausos.*) pero Zambia ten o nivel de desenvolvemento humano máis baixo do mundo. (*Aplausos.*) Ou sexa, que eu creo que convén centrar as cousas.

Nese debate de investidura o señor Feijóo falou, primeiro, de paro. É verdade que falou moi pouco tempo, pero falou de paro; foi do primeiro que falou. Dixo que se sentía próximo aos parados, que sentía o seu sufrimento. Sentimento moito, medidas ningunha. E eu quero dar os datos do paro neste último ano, e os datos da EPA –por certo, eu é que son un pouco eurófilo, non ten que ser necesariamente a Unión Europea, pero si eurófilo–, porque seguro que o señor Feijóo sabe que os datos do paro rexistrado significan que unha persoa vai e se rexistra, e todos eses desanimados –que cada vez hai máis porque as expectativas económicas e laborais deste país son dramáticas– xa non se rexistran, e iso é o

que explica eses datos aparentemente brillantes. A verdade é que 260.000 rexistrados chégalle; pero aínda así, xa que colle datos de rexistros, eu creo que debería de coller o número de afiliados á Seguridade Social, que ese si que reflicte a realidade do mercado laboral.

Pero vou á EPA. Neste último ano, 1.000 parados menos cada mes; pero o máis grave, 3.000 ocupados menos cada mes e case 2.000 cotizantes á Seguridade Social menos cada mes. Este é o país que temos, este é o músculo laboral que temos.

¿Que significa ese desfase entre parados e ocupados ou cotizantes? Significa, lamentablemente, que ou ben a xente está desesperada e desanimada e abandona o sistema, e, polo tanto, acabamos na pobreza e acabamos nesa exposición que temos debaixo deste hemicycle, ou ben que se van. Porque non hai cuarta dimensión no económico e no social, non hai cuarta dimensión. Se deixan de traballar e non aparecen como parados, unha vez que sacas a porcentaxe dos hipotéticos xubilados, pois ou ben quedan na súa casa desesperados, cruzados de brazos, ou collen un tren, un avión ou un autobús e marchan fóra de Galicia. E isto é desánimo e emigración; estes son os dous adxectivos do mercado laboral galego. Ao lado deses dous adxectivos hai orzamentos. O orzamento do 2013, que o señor Feijóo presentou neste Parlamento inmediatamente despois do Debate de investidura. Só unha partida, fomento da empregabilidade, redución do 60%. Señora conselleira, se quere tomar o número, seguro que o sabe, pero 322A. Ben, polo tanto, temos máis desempregados e menos orzamento, é o escenario perfecto.

E nós, efectivamente, aquí plantexamos un plan de emprego que significa favorecer 30.000 contratacións no sector privado, para que non se poña nerviosa a dereita galega de se imos volver facer aceras —por certo, as aceras tamén son necesarias—. *(Aplausos.)* Eu non sei se nos Cantóns da Coruña, desde logo en San Xoán de Río, cando chove, a xubilada que ten unha pensión media das máis baixas de España ten todo o dereito do mundo a non pisar a lama. *(Aplausos.)* Non vaia ser que só existe el paseo del Parrote y la plaza de Compostela en Vigo *(Risos.)*, porque é que hai máis mundo, hai máis mundo. Bueno, primeira cuestión.

A segunda cuestión, a estabilidade financeira. O señor Feijóo tamén nos falou do déficit cero. Por certo, agora xa, despois do acordo de hoxe, en Estados Unidos nin sequera o

tea party, é dicir, o último Robinson Crusoe. De esa bobada en termos económicos, cunha situación de crise como a actual, que é o déficit cero, e o señor Feijóo —e parece que a súa conselleira, que, en fin, aí estamos—. *(Murmurios.)* *(Risos.)* Non, non, señor Puy, agradézolle, coma sempre, a lección... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Endebedarse para que? A min non me escoitaría nunca... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Para que? *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Para que?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non dialoguen.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Para que? *(Interrupcións.)*

E, por certo... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non dialoguen. Tranquilidade.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Iso si, déficit cero, recortes a esgalla, e ademais a chulería inexplicable —e eu non vou retirar a palabra, se quere que a retire o presidente, eu non a vou retirar— de ter unha marxe de déficit de 1.5 e renunciar a 180 millóns de euros mentres se recorta. *(Aplausos.)* Depende para que, insisto. *(Aplausos.)*

¿Sabe por que? Porque ese día, señor Feijóo, no día do Debate de investidura, vostede dixo tamén solemnemente: “Galicia blindará todas as súas prestacións públicas básicas”. ¿Quéreme dicir vostede que as medicinais para enfermos de hepatitis —como vostede sabe, en moitos casos correlacionada co VIH e con problemas sociais moi serios— se paguen? E dáme igual que sexan... —despois, se teño tempo, ou na segunda intervención, contarei unha situación persoal. Si, si, persoal, ¿por que non?—... Efectivamente, ¿esa non é unha prestación pública básica? E dixo tamén: “Galicia poderá seguir atenuando aquelas decisións nas que haxa marxe de manobra para as comunidades”. Marxe de manobra é a política, señor Feijóo. Marxe de manobra é dicirlle a esa ministra —a que tiña o jaguar no garaxe e non sabía de onde saíra— que Galicia se planta.

E vouno contar agora, xa que me dicía vostede que non sei nada disto. *(Aplausos.)* Vou lle contar, mire, voulle contar. Unha moza drogodependente, VIH positivo, con SIDA

avanzado e con hepatite. Dedicábase á prostitución nunha cidade de Galicia e vivía literalmente nunha casa abandonada. E cónstame que unha ONG –desas ás que vostedes lles recortan os fondos– non conseguían convencela para que marchara a unha casa de acollida. E ía un membro desa ONG todas as noites a verificar que tomaba a súa medicación, os retrovirais, e a medicación para a hepatite. ¿Vostede cre que esa señora vai ir ao hospital con 4,2 euros? Non, cando ten 4,2 euros, señor Feijóo, desgraciadamente os mete en heroína, pero non vai ir ao hospital con 4,2 euros. *(Aplausos.)* É exactamente así. *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor, señorías.

Paro o tempo, compenso o tempo, non se preocupe.

Prosiga.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu síntome absolutamente xulgado polo Goberno en pleno. Señor conselleiro de Educación, ¡non estou mentindo porque o vivín eu! *(Murmurios.)* O que lle estou dicindo vivino eu *(Murmurios.)* e, polo tanto, ¡non minto! *(Aplausos.)* ¡Estou dicindo que non minto! *(Aplausos.)*

Estou dicindo que unha persoa desa ONG ía ao hospital con esta muller porque senón non ía coller as medicinas, ¡cando eran gratis! *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. *(Interrupcións.)*

Silencio, por favor.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, será compensado –tranquilo– no tempo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor. Está no uso da palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Efectivamente, señor Feijóo, mesmo sendo gratis para ela non ía porque estaba física e

moralmente desfeita. Porque estaba enferma, porque era unha heroinómana, porque se dedicaba á prostitución nunha rúa dunha cidade do país que goberna. Efectivamente, non ía, e tiña que ir alguén dunha ONG con ela, acompañala ao hospital, para recoller esas medicinas. *(Murmurios.)* Iso, diso é do que estou falando. *(Murmurios.)* Diso é do que estou falando.

No tema da fiscalidade, que é un tema exactamente do que vostede sacou o último coello da chisteira, o ano anterior foi Oza e Cesuras; agora foi, efectivamente, esa rebaixa no IRPF. Nós desde logo temos unha alternativa diferente, temos unha alternativa na que hai fundamentalmente que incrementar os impostos a quen ten máis capacidade de pago e de afrontar eses impostos tanto sobre a renda como sobre o patrimonio. Podemos entender, efectivamente, que se rebaixen os impostos ás rendas máis baixas.

Por certo, convén escapar da ilusión fiscal, convén escapar da ilusión fiscal. Porque, de feito, na medida en que non se está deflactando a tarifa e o IPC vai por encima do 0,5, en realidade non se está rebaixando nada. Pero aínda así, como liña de actuación política de rebaixar os impostos ás rendas máis baixas, pois nos parece ben, pero falta todo o demais nun modelo fiscal. Faltan, insisto, os impostos ás rendas máis altas, falta o imposto sobre patrimonio, falta o imposto sobre sucesións e doazóns en grandes herdanzas e faltan impostos como o dos depósitos bancarios.

Aquí volvemos ao paroxismo da absoluta irracionalidade económica, é dicir, como, por razóns exclusivamente políticas e de submisión a un proceso recentralizador evidente por parte do Partido Popular desde que goberna en España, se renunciou a máis de 50 millóns de euros de imposto sobre o sistema bancario; e iso si, os que o tiñan van recibir compensacións do Estado central e nós quedamos, como se di vulgarmente, a velas vir.

Por certo, señor Feijóo, tamén dicía vostede que era grave que se trasladara ese imposto das entidades bancarias aos aforradores. Parece que iso era grave. Que se traslade o imposto do céntimo sanitario aos consumidores de gasolina, que é evidentemente un produto de uso absolutamente común e normal nestes tempos, parece que aí non hai ningunha distorsión na imposición ou no sistema impositivo galego.

E falando de economía real, pois máis alá deses 40 millóns de euros dos que falou, que eu creo que son os 40 millóns de euros dos que fala sempre, que renomea, que agrupa partidas, en fin, chegaron o outro día os últimos avais do Igape, creo que no último trimestre un. Non sei moi ben cal vai ser a proactividade deses 40 millóns de euros, pero, desde logo, benvidos sexan se serven para crear emprego e reactivar a economía.

En relación cos sectores produtivos, quero centrarme un momento no sector industrial. Porque no sector industrial hoxe temos os mesmos traballadores que hai dezasete anos, que no ano 96, cando Galicia aínda non se recuperara da reconversión de mediados dos oitenta. E iso significa que temos 50.000 ocupados menos que cando vostede chegou. Pero, por certo, temos menos, temos bastantes menos que hai un ano, seguimos perdendo a esgalla traballadores industriais.

E, por certo, o naval: Pemex, o dique flotante, Ferrol, Vigo. Mire, falando de Pemex, eu vou repetir o máis solemnemente posible unha frase que dixo vostede, certamente a dixo con solemnidade; a frase di: “Temos a obriga de falar con feitos e realidades, o contrario é sementar a frustración”. Por certo, páxina 46 do seu discurso. Dígoo por se... (*Murmurios.*) Isto é o que dixo, solemnemente. Eu creo que Pemex é o paradigma de falar con feitos e con realidades para non sementar a frustración nos desempregados do naval en Vigo e en Ferrol. (*Aplausos.*) Eu creo que é o exemplo paradigmático.

Agora temos outro en Bergantiños: a mina de Corcoesto, onde tamén o Partido Popular sacou listas para apuntarse desempregados. Claro, este é o problema de sacar listas para apuntarse os desempregados e este é o problema de facer cortes na Televisión de Galicia para trasladar en directo firmas de contratos –ou polo menos iso dicían os locutores– do señor Feijóo, ou de Pemex con quen correspondera. Este é o problema.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En termos de internacionalización, efectivamente, mire, é verdade que as exportacións van aceptablemente ben. Olvídase de dicir por que. ¿Sabe

por que van ben? Porque competimos vía salarios, porque os custos salariais van á baixa dunha maneira espectacular. Eu non quero que este país sexa Tailandia, eu quero que sexa Holanda. (*Aplausos.*) Eu quero que sexa Holanda, si, si.

Señor conselleiro, a verdade é que non sei que lle fai graza, francamente non sei que lle fai graza.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, remate, por favor, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non sei se lle fan graza os 18 millóns de euros que o seu antecesor lle deu á CEG para internacionalizar a economía galega. Que, por certo, nunca se nos explicou, a pesar de que o preguntamos, os resultados deses 18 millóns de euros. Con ese diñeiro, con ese diñeiro,... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...señor conselleiro de Economía e membros do Goberno...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...pagábanse de sobra as medicinas hospitalarias de enfermos de hepatite e de cancro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, conselleiros, señor presidente.

Este é o debate de política xeral sobre o debate da Autonomía, e é o primeiro debate que se celebra despois dun recente proceso electoral onde os galegos elixiron libremente a opción política que entendían máis viable para os seus intereses. Pese á máxima de que a crise come os gobernos, o presidente Feijóo e o Partido Popular foron capaces de

ampliar o apoio parlamentario, recibindo a confianza dos cidadáns e transmitíndolles tamén aos cidadáns confianza.

No debate que comezou o pasado mércores podemos ratificar claramente –porque hoxe o continuamos a ver– que os galegos elixiron ben. O presidente falaba de confianza, de colaboración, de responsabilidade, de solvencia, de planificación, de realismo, de esforzo, de cooperación, de adaptarse aos cambios, de unidade e de diálogo.

A oposición tivo uns discursos tamén hoxe, hoxe inda que houbo certas diverxencias co Partido Socialista en canto ás formas, si recoñecerlle que o primeiro debate foi con mellores formas, o de hoxe foi un pouquiño máis exaltado. E hai que dicir tamén que en certa medida plantexan uns discursos poucos cribles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Recoñézolles tanto a AGE como ao Bloque –e agradecemosllo– que sexan máis sinceros nas súas propostas e que sexan tamén máis previsibles. Basean os seus discursos en dous eixes vertebrais. Por unha parte, uns apostan polo soberanismo como solución a todos os problemas, e outros plantexan unha ruptura do modelo democrático nunha viaxe case a ningunha parte –é lícito– e facendo propostas e comentarios pois que son dignos de Valle-Inclán, ¿non?, como case plantexar que haxa un proceso electoral a un ano vista dunhas eleccións.

Efectivamente, a sociedade ten moitos problemas, todos somos conscientes, pero tamén escoitamos a sociedade. A sociedade non quere crispación, os cidadáns creo que nos demandan aos políticos altura de miras, non nos demandan puñetazos, creo que nos demandan capacidade de xestión, non nos demandan deslealdades, e cremos que nos demandan visión de futuro e non escapismos. Demándannos, en definitiva, confianza, e esa confianza sen dúbida quen llela pode e llela está dando aos galegos é o Partido Popular.

Escoitando os portavoces que me precederon na palabra, comezando polo Bloque Nacionalista Galego, direi, señora Pontón, que case volvíñ á miña xuventude. Non é que a teña moi lonxe, pero volveume vostede á miña xuventude. E digo por que. Porque recordei o señor Beiras cando cualificaba ao señor Fraga de Atila. Ese é un argumento en que vostede “lle sacou o *copyright* ao señor Beiras”. Pero quizais unha cues-

tión que vostede plantexa de derrotar e expulsar o señor Feijóo: terano que facer democraticamente. Se vostedes son capaces de demostrarlles aos cidadáns galegos que o seu proxecto político é viable, pois ao mellor nos derrotan politicamente. Pero, mentres, en democracia a lexitimidade está nas urnas, e este Goberno... *(Aplausos.)* e este presidente ten toda a lexitimidade democrática que nos dan os cidadáns.

Tamén, señora Pontón, realmente miraremos o orzamento que nos van presentar pronto, porque falou vostede de reducilrle o financiamento á Casa Real. Nos orzamentos da Xunta creo que non hai ningunha partida. *(Murmurios.)* E tamén é certo que vostede nos fala de Navantia, cando realmente tamén teñen moito que dicir.

Dixo tamén que non apoiaban a Constitución; non a apoiaron de feito e non apoian a Unión Europea. Pois mire, eu dígolle –creo que no nome destes señores desta bancada e creo que no nome de miles e miles de galegos, incluso lle falaría da inmensa maioría social dos galegos– que estamos orgullosos de ser galegos, estamos orgullosos de ser españois e estamos orgullosos de ser europeos e pertencer á Unión Europea. *(Aplausos.)* E direille por que. Porque esa Unión Europea, que dicía o señor Losada –que, por certo, se fundamentou en señores como o señor Monnet, o señor Adenauer, o señor Gasperi –italiano–, o señor De Gaulle, non socialdemócratas, non socialdemócratas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*– pois é o conxunto rexional a escala mundial onde hai unha maior cohesión social, onde o Estado de benestar está máis desenvolvido, onde hai un maior desenvolvemento económico e onde hai un maior respecto aos dereitos individuais e colectivos das persoas. E nós estamos orgullosos da Unión Europea, de España e tamén de Galicia.

E miren, fálannos vostedes, tamén a señora Díaz nos falou de rigor. Señora Díaz, con todo o meu agarimo. Vostede dixo que a Xunta de Galicia destina o 14 % a pagar os xuros da débeda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que paga o 14 %, se non lembro mal, ou o 16 % –ou 16, pois lembro mal–; o 16 –perdón, señora Díaz–, o 16. Os datos son o 3, a realidade é o 3,5.

E mire, vostede, igual que o señor Losada, plantéxanos a cuadratura do círculo. Piden máis recursos para infraestruturas, para servizos –oxalá os houbera–, pero á vez din: menos

impostos e menos débeda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Iso é posible? (*Murmurios.*) ¿Iso é posible, señorías? Non o vemos. Entón, vostedes... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. Silencio, señorías.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...están a plantexar unha subida de impostos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio.

Señor Gallego, por favor.

Silencio, señora Acuña. Señora Acuña, silencio.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Díaz, non interrompa, por favor, está no uso da palabra o señor Román.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Critica, señora Díaz, critica vostede a débeda e sen embargo votou en contra da Lei de estabilidade orzamentaria –si–, que é a que asegura que a débeda non afogue os gobernos, e vostede votou en contra dela. (*Aplausos.*)

E mire, servizos públicos. Eu entendo que vostedes coincidirán connosco en que hai que pagalos. Hai que pagar o transporte escolar, hai que pagar os fármacos, hai que pagar os médicos. ¿Con que os pagamos? ¿Con *padre nuestros* laicos? (*Murmurios.*) (*Risos.*) Pregúntolle: ¿pagámoslos con *padre nuestros* laicos ou pagámoslos cun financiamento axeitado? (*Aplausos.*)

E mire, voulle dicir tamén, señora Díaz, que este Goberno tocamos aquí e temos corazón, todos temos corazón, e tamén todos temos moita paciencia..., (*Murmurios.*) moitas paciencia para aguantar a enorme demagogia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e os enormes sen sentidos que se dixeron nesta Cámara.

Mire, voulle recordar: ¿quen baixou os salarios aos banqueiros? O Partido Popular. ¿Quen incrementou as cargas fiscais ás grandes empresas recentemente? O Partido Popular. ¿Quen puxo en marcha as primeiras medidas para loitar

contra os desafiuzamentos? O Partido Popular. (*Murmurios.*) ¿Quen lles puxo o IRPF ás rendas máis altas? O Partido Popular, señorías, o Partido Popular. (*Murmurios.*)

E mire, supoño que vostede, despois do que acaba de dicir, votará a favor da rebaixa do IRPF, estou case convencido de que o fará. Porque se vostede defende, se vostedes defenden que haxa unha menor carga impositiva para as familias con menos renda, estamos seguros de que votarán e apoiarán a medida presentada polo señor presidente. (*Aplausos.*)

E xa remato cunha expresión súa. Vostede falaba da cova de Alí Babá. A cova de Alí Babá dábase nun clima árido, nun clima seco, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) en Arabia. E eu dígolle que a nosa histórica Al-Andalus está (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) moito máis cerca da cova de Alí Babá do que está Galicia, que temos un clima atlántico. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señor Losada, mire, eu simplemente, como voceiro do principal partido da oposición, un partido que aspira lexitimamente a vertebrar a sociedade galega, só dicirlle unha cuestión: ¿como é posible que diga que un enfermo ou unha enferma con sida sen ingresos pague medicamentos? Simplemente iso é unha auténtica –como dixo a señora conselleira– (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) barbaridade e creo que non merece a pena seguir insistindo neste asunto. (*Aplausos.*)

Señorías, o Grupo Popular presenta 50 propostas de resolución, que –entendemos– son suficientes para fixar as nosas prioridades políticas. E fixaas e preséntaas en diferentes ámbitos: no ámbito impositivo, no ámbito dos servizos á cidadanía, na promoción económica e emprego, na convivencia como sociedade, nas institucións e na mellora da administración pública e tamén nalgúns vencelladas a demandas plantexadas ante o Goberno central.

No ámbito impositivo, rebaixas de impostos, para favorecer as persoas con menos recursos; baixar o IRPF e tamén rebaixa de impostos para incentivar a actividade económica; incentivar o emprendemento; incentivar tamén as enerxías renovables, que, xunto coa potenciación da Axencia Tributaria, que tamén plantexamos, creo que vai permitir ter uns ingresos máis acaídos e sobre todo máis xustos socialmente.

Vimos tamén e falouse aquí dun plan de emprego por parte do Partido Socialista. 30.000 grandes datos, 30.000 persoas, 200 millóns de euros, o ano pasado eran 100.000, caemos 70.000. Bueno. Pregunta: ¿de onde saen eses 250 millóns de euros? Primeiro, ¿en que sectores e en que liñas estratéxicas os van fixar? Supoño que non farán un novo plan, iso seguro que non o farán. Segundo, ¿de que partidas se sacarán? ¿De sanidade, de educación, de servizos sociais? Ou ¿que novos impostos van poñer? Porque os impostos que vostedes citan na súa proposta de resolución dannos máis ou menos unha cantidade equivalente ao 20-25 % deses 250 millóns, co cal é bo quizais, señor Losada, que nolo explique no seguinte turno de intervención. ¿Servizos á cidadanía, educación, sanidade, benestar –fundamental–, Lei de control de calidade dos servizos públicos, onde se van fixar os dereitos aos cidadáns para entrar a poder desfrutar dos servizos públicos?

E señorías, neste ámbito, vostedes, o seu discurso é dicir que estamos fóra da sociedade. Mire, o Partido Popular –os que estamos aquí– somos o gran partido de Galicia, un partido interclasista, que coñece Galicia, que coñece os galegos, que practicamente ou en todos os procesos electorais democráticos é sempre a forza máis votada, 100.000 militantes, 700.000 votos máis ou menos, máis de 200 alcaldes, miles de concelleiros que estamos na rúa todos os días,... (*Aplausos.*) e que estamos escoitando a xente, que coñecemos os problemas da xente, porque poden ser os seus familiares, os nosos amigos, os nosos veciños, que temos cabeza, temos corazón e temos cabeza, e estamos ás duras e ás maduras, e agora nos toca unha situación dura, pero estamos traballando para saír dela.

Promoción económica e emprego, dúas liñas de acción: aspectos transversais, aspectos de carácter sectorial.

Aspectos transversais: internacionalización, mellora das infraestruturas, fomento da investigación, achegamento de instrumentos financeiros, relanzamento da imaxe de marca Galicia Calidade, impulso da Lei de economía social e unha estratexia coherente cos aeroportos, que son un factor vital para o noso desenvolvemento económico. E, por suposto, rebaixas impositivas –xa citadas–, no ámbito da biomasa, no ámbito das enerxías renovables, no ámbito do emprendemento, que se están a impulsar en ámbitos tecnolóxicos.

Dende o punto de vista sectorial, as nosas propostas de resolución fixan o compromiso do Partido Popular co naval, co eólico, coa pesca, e gustaríame destacar tamén o medio rural, de mellora da estrutura agraria de Galicia e tamén defensa da cadea comercial, para que os nosos agricultores e os nosos gandeiros teñan uns prezos xustos, e igual que pasou co leite, pase igual para outras producións agropecuarias do noso país.

Monte, atención primordial por parte do Grupo Parlamentario Popular. Plantexamos unha acción integral, con varias propostas. Por unha parte, profundizando na acción da Policía Autonómica para que teña maior protagonismo na loita contra o lume; aposta pola biomasa, que significa limpar os montes; a propia Lei de estrutura agraria, para reorganizar a propiedade e que esta sexa máis competitiva; e tamén medidas de planificación e de prevención na loita contra o lume.

E aquí un pequeno apuntamento. Onte, no día de onte, fixemos creo que un esforzo por parte do Partido Popular para intentar chegar sumando as propostas dos tres grupos parlamentarios á nosa proposta para chegar a un acordo no ámbito do monte, que creo que nos preocupa a todos, e lamentablemente teño que dicir que fracasamos, pero fracasamos pola intransixencia neste caso dos grupos da oposición.

Convivencia social. Tamén plantexamos propostas que van orientadas a potenciar o que nos une como sociedade, e que sexamos capaces de xerar un ser galego: materia de lingua, violencia de xénero, plan demográfico.

E neste ámbito hai dúas moi singulares que me deterei a citar. A primeira ten que ver coa condena explícita e clara a todo tipo de actos terroristas, e nomeadamente ao grupo Resistencia Galega, por pór en marcha prácticas que atentan contra a convivencia dun pobo pacífico como é o galego, que quere vivir e traballar en paz. (*Aplausos.*) E unha proposta, tamén vencellada ao ámbito da convivencia, ten que ver coa reprobación clara e explícita desta formación política a todo tipo de manifestacións que sexan realizadas por cargos públicos nas que se xustifiquen os crimes ou os asasinatos cometidos durante o período franquista. (*Aplausos.*) A idea desta formación política, máis alá de declaracións anacrónicas, está fixada e por escrito nesta proposta de resolución que levamos.

Institucións e melloras da administración pública, no ámbito xudicial, innovación no ámbito xudicial, reducir progresivamente as cargas administrativas, pero unha moi importante desde o punto de vista institucional e político, que é plantexar a redución do número dos deputados. Creemos que esta é unha mensaxe á cidadanía moi importante. Cando a Xunta de Galicia, as administracións, as familias, as empresas están asumindo asuntos ou liñas de traballo que están manifestando unha enorme dificultade, creo que tamén o Parlamento de Galicia ten que ser sensible a esa realidade social e económica na cal estamos vivindo.

E miren, estamos manexándonos dentro do ámbito estatutario, non alterando para nada a vontade democrática dos galegos en ningún dos procesos electorais tidos ata o momento, e cremos que isto é unha mensaxe moi importante para os cidadáns, e vostedes, que queren suprimir Senado, deputacións, etc., deberían apoiar unha redución dun cativo número de deputados, que, sen dúbida, sería unha mensaxe moi positiva para os cidadáns. *(Aplausos.)*

Demandas ante o Goberno do Estado. Este partido político, co seu Goberno e co seu presidente Feijóo, temos a Galicia como auténtica prioridade, e por iso demandamos do Estado unha serie de cuestións. A primeira ten que ver co financiamento autonómico. Nós queremos un modelo que permita vertebrar o país. Podemos entender que o Bloque e AGE non apoiem un financiamento solidario, un financiamento –digamos– multilateral, un financiamento que contribúe a crear un país mellor para todos. Non entendemos a postura do Partido Socialista. E realmente aquí o Partido Socialista non sabemos se apoia un modelo bilateral tipo PSC ou se plantea un modelo multilateral como outros gobernos socialistas noutras autonomías. Realmente, nós queremos un modelo que sexa solidario coas persoas e cos territorios e non un modelo de *sálvese quien pueda* que algunhas federacións socialistas están planteando. *(Murmurios.)*

Tamén axudamos ou queremos axudar a Fegamp a plantexar ao Goberno do Estado as propostas do municipalismo galego e que a futura Lei de racionalización da Administración local pois teña en conta as peculiaridades do municipalismo en Galicia.

Tamén imos seguir reclamando ao Goberno de España carga de traballo para os estaleiros, que se impulse a cons-

trucción do dique flotante ou que se levante o veto á construción naval.

E tamén medidas no ámbito eólico e noutros ámbitos.

Xa, por último, dúas leis singulares: Lei de finanzas e Lei do solo. Creo que son leis fundamentais, poden vir de Galicia, e este partido político así as plantexa nunha proposta de resolución.

Xa, por último, outro eixe vertebrador de Galicia: Novagalicia Banco. Nós queremos que sexa unha entidade solven-te, eficiente, comprometida, que axude as familias e as empresas de Galicia e que por suposto manteña e axude ao financiamento da obra social e da Fundación Novacaixagalicia.

E fíxense, o noso grupo parlamentario non só presentou 50 propostas de resolución, senón que fixo transaccións aos grupos da oposición, en concreto 27 ao PSOE, 11 a AGE e 10 ao BNG. Agradecemos as formas a todos os grupos políticos. Puidemos debater onte con tranquilidade, aínda que no fondo pois non fose tan positivo. E presentamos máis ao Partido Socialista porque entendemos que, obviamente, o noso modelo social e económico pois é máis semellante convosco que con AGE e que co Bloque, ¿non? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Pero cuestións curiosas, cuestións curiosas..., *(Murmurios.)* cuestións curiosas. Co PSOE, pese a presentar por escrito 27 ofertas, fomos incapaces de pactar ningunha. E, curiosamente, co Bloque, unha, e con AGE, outra. E é tamén curioso que co PSOE de Pachi no anterior debate do estado da Autonomía fôsemos capaces de transaccionar 8 e co novo PSOE de Besteiro, ningunha. Creo que *el PSOE ha vuelto, ha vuelto* un PSOE... *(Aplausos.)* que realmente foi incapaz de plantexar e de fixarse en propostas de transacción importantes.

Mire, nós propuxemos transaccionar financiamento autonómico, naval, mobilidade de terras, territorio, reforma local, mesmo a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral das Mulleres sobre Violencia de Xénero, cuestións de inclusión sociolaboral, e vostedes, señorías, foron incapaces, das 27, das 27, de aceptar ningunha.

Mire, nós non podemos aceptar ningunha do Partido Socialista... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* porque en nin-

gún momento nos plantexaron un texto... (*Aplausos.*), en ningún momento nos plantexaron un texto para poder debater e poder traballar sobre ese texto, cousa que nós si fixemos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor. Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Eu intentarei, na seguinte intervención, demostrar que houbo unha estratexia premeditada por parte dos tres grupos políticos de non chegar a ningún acordo. Non lle interesou chegar a ningún acordo porque non vaia ser que se o presidente Feijóo tende a man vostedes lle dean oxíxeno, (*Murmurios.*) e é unha estratexia premeditada –que demostrarei no seguinte turno de intervención– que foi tanto visto nas súas propostas de resolución como no debate de emendas.

E mire –xa remato, señor presidente, xa remato–...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...tamén que estamos vendo que, sobre todo, vemos que é moi preocupante no PSOE, que parece que queren sacar a acción política de onde debe estar, que é no Parlamento. Quizais vostedes, (*Murmurios.*) como a súa referencia política actual non se atopa aquí, queren sacar a política do Parlamento, pero a política, señorías, faise no Parlamento.

E cremos, señorías, que ao final se demostra (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, remate.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...–remato, señor presidente, que con tanta interrupción non se dá falado– (*Risos.*)...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, remate.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...demóstrase unha vez máis, señorías, que o Partido Popular escoita a xente, sabe o que demanda a cidadanía, asumimos as nosas responsabili-

dades, damos confianza e, señorías, sen dúbida, se non tivésemos o Partido Popular, Galicia quedaría orfa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodríguez González.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais.

Grupo Parlamentario do Bloque. Señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, quero empezar por felicitar o señor Rodríguez porque, a verdade, o Grupo Popular apláudelle máis a el que a Feijóo, non sei se teñen nese sentido algún problema. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Quixera dicirlles, señorías... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Alégrome de que estean contentos. Desde logo hai moitos galegos e galegas que non o están, porque están vivindo unha situación bastante dramática... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non interrompan, por favor. Señora Prado.

A señora PONTÓN MONDELO: Señores do PP, eu non sei por que a vostedes lles molesta a realidade. Cando dicían aquí que vostedes coñecen o pobo, ¿saben canta xente non ten para chegar a fin de mes? ¿Saben cantas persoas tiveron que marchar neste país porque non teñen oportunidades? ¿Saben cantas persoas están vivindo das pensións dos emigrantes retornados ás que o seu Goberno está saqueando claramente e deixando nunha situación a moitas persoas tiradas? ¿Saben canta xente da que lle roubaron as preferentes segue hoxe a tratamento polo sufrimento que todas esas políticas lles está causando? ¿Saben vostedes o que é que a unha persoa lle quiten a súa vivenda, e que veñan aquí dicirnos que todo está solucionado cun protocolo que non coñecen nin na xustiza?, como se está demostrando cos desafiuzamentos, que neste momento están paralizando o pobo; non o seu decreto, non o seu protocolo. Son, desde logo, penso que miserables, porque é a única cuestión que podemos dicir cando se frivoliza desta maneira cos problemas tan grandes que se están vivindo neste país.

Miren, hai galegos que non lle votaron ao Partido Popular, preguntolles, ¿os galegos que votaron a estas bancadas non son tan galegos como os que lle votaron ao PP? ¿Só vostedes teñen dereito a propoñer aquí propostas de resolución?

Vén o Partido Popular dicirnos e descualificar as nosas propostas, e ao mesmo tempo di que querían un consenso. Era o titular que tiña preparado o señor Núñez Feijóo para este debate (*Aplausos.*) O señor Núñez Feijóo enfoca gobernar este país simplemente para dar titulares, e o que nos pedía, realmente, era un pacto de silencio sobre os problemas de Galiza, calar ante as inxustizas, calar ante o sufrimento que está provocando o seu Goberno, calar ante a difícil situación que está atravesando este país, e o Bloque Nacionalista Galego non está aquí para que vostedes sexan felices. O Bloque Nacionalista Galego está aquí para defender a Galiza, para defender este país fronte ao atropelo que estamos vivindo nese momento, fronte ao espolio que estamos vivindo coa colaboración do señor Núñez Feijóo e coa colaboración do Partido Popular.

Miren, as propostas do PP son un espello de como vostedes se preocupan polos cidadáns. Hai hoxe moitas persoas que non teñen dereito a acceder á xustiza, por unhas taxas xudiciais que fan que a xustiza só estea accesible para moi poucas persoas neste país. ¿Cal é a preocupación que ten o PP por iso? Dicir ao Goberno que compre cámaras e DVD para gravar os xuízos, esa é a medida da súa preocupación.

Temos un modelo inxusto de financiamento, que claramente nos discrimina. Cando o apoiou o señor Núñez Feijóo dicía que ese modelo non lle servía, agora é o máis xusto e solidario.

Señoría, é un insulto que tendo Galiza recursos para poder pagar e financiar ben os seus servizos públicos, vostedes pretendan seguir defendendo unha falsa solidariedade, porque claro que a sanidade e a educación están mal financiadas, e claro que hai problemas nese terreo, pero iso non se soluciona aceptando modelos que o único que fan é que Galiza cada vez teña máis recursos. Beneficiarán a outras comunidades autónomas do PP, pero non benefician a Galiza.

Nós temos propostas. ¿Van reclamar o imposto de sociedades? ¿1.000 millóns de euros máis ao ano parécelle a vostedes unha cuestión menor neste momento?

Non, a vostedes o único que lles preocupa é que en Madrid ningún dos que están agora sentados comodamente no Goberno central se incomode polas súas propostas.

O monte, ¡claro que arde!, ¡claro que si! Claro que hai un problema, pero como non se solucionan os problemas do monte é reducindo as franxas de protección sobre as casas; se non hai un acordo nesa materia, é porque vostedes non teñen ningún tipo de intención de rectificar a súa política nese terreo. Tiña propostas por escrito do BNG, o Partido Popular non as quere aceptar, o Partido Popular non quere modificar nada desta política letal que lle está causando tantos problemas a tanta xente.

Miren, non hai nin unha soa medida real para loitar contra o paro, nin unha soa medida real nestas cincuenta propostas de resolución do Partido Popular para atender a situación de pobreza que hoxe viven milleiros de persoas.

Tampouco nin unha soa medida real para defender o ensino e a sanidade públicas. Veñen vostedes hoxe dicirnos: tranquilos, non imos cobrar o transporte público. Empezamos a temblar, porque nos tememos que iso pode ser o seguinte a polo que vostedes vaian.

Hai 2.000 profesores menos no noso sistema educativo, e o que nos di o PP é que o importante é que haxa ordenadores. ¿Para que?, cando o que se necesita son profesores e profesoras que atendan as necesidades que haxa nese sentido.

Cero, señorías, sobre o problema que vai crear no noso país o repago aos crónicos. ¿Por que vostedes non aprenden doutros gobernos que si defenden os seus cidadáns? Xa llelo dixemos, o Goberno vasco aprobouno onte, ¿que é tan urxente que ten que facer o señor Núñez Feijóo que non ten tempo para ocuparse dun problema que pon en risco a saúde e a vida das persoas? Porque iso é o que está pasando neste país cos seus recortes no sistema sanitario.

E miren, sobre a importancia que lle dan vostedes a este debate, tamén nas súas propostas de resolución, atopamos cousas ben curiosas. Pídenlle ao Goberno que nos mande un anteproxecto de lei aos deputados e deputadas; por certo, un anteproxecto de lei que xa anunciara o xoves o conselleiro que o ía mandar a este Parlamento, á subordinación deste

Parlamento: a irrelevancia e, desde logo, a desconexión cos problemas reais que hoxe temos no noso país.

E miren, facer política non é estar aquí sentados neste Parlamento, os cidadáns tamén fan política. Os cidadáns, tamén, cando están protestando, como as marchas que está convocando a CIG nese momento, en defensa do emprego e propoñendo alternativas, tamén están facendo políticas. Cando protestan contra os seus recortes inxustos tamén están facendo política.

Desde logo, nós non temos a exclusividade nese terreo, e vostedes tampouco deberían de negarlles aos cidadáns o dereito a participar.

Miren, a democracia non é ir votar unha vez cada catro anos. Ter unha maioría absoluta non lles dá a vostedes carta branca para faceren o que queiran, os cidadáns tamén teñen dereito a opinar sobre as medidas que van adoptar os gobernos, e que lles inciden directamente na súa vida.

Nós non queremos que vostedes interpreten ningunha cuestión, temos unha oferta, ¿por que non poñen en marcha unha lei de consultas populares e lles preguntan aos galegos e galegas se están de acordo co repago? ¿Se lles preguntan se están de acordo co céntimo sanitario? ¿Se lles preguntan aos galegos e galegas se están de acordo cos recortes en educación? ¿Por que non fan vostedes instrumentos para darlle participación real ao noso pobo?

E miren, nós temos tamén propostas para reformar este sistema electoral, pero non como quere facer o Partido Popular, recortando o Parlamento única e exclusivamente para, con este sistema que ten moitos problemas, intentar que se non seguen tendo tanto apoio nas eleccións, pola vía do recorte dos deputados, e polo efecto regresivo da lei D' Hondt, vostedes poidan manter unha maioría absoluta, aínda que non a tiveran cos votos dos cidadáns e coa actual composición.

¿Por que non apoian vostedes facer unha reforma democrática en vez de recortar a democracia?, que é o que están facendo neste momento.

E miren, nós temos conviccións democráticas claras e profundas, temos unha traxectoria pacifista que nos avala, e

o que nós lle pedimos neste debate ao Partido Popular é que deixe de utilizar o terrorismo para facer política, que é o que están facendo durante todo este tempo.

E mire, non me deu tempo na primeira intervención para falar sobre un tema que nos preocupa moito, como é a violencia de xénero. É un insulto que volvan aquí coa mesma proposta de resolución —que aprobamos hai dous ou tres anos— para que se abra un centro de recuperación integral que hai seis ou sete anos que está contemplado nunha lei, e que vostedes non foron capaces en cinco anos de poñelo en marcha, incumprindo así acordos deste Parlamento.

É un insulto a situación que realmente debería de preocuparlles máis, porque hoxe sabemos que hai moitas mulleres vítimas de violencia de xénero que por mor da crise económica non están denunciando, e o único que vostedes están facendo é recortarlles axudas, como era o salario da liberdade.

E miren, a nós, desde logo —non me dá tempo a falar de todo—, teñen alternativas nas nosas propostas de resolución. Se queren ter máis recursos, non impoñan o céntimo sanitario, poden facer outro tipo de cousas: reclamar o imposto de sociedades, poden subirlles o IRPF ás rendas máis altas, poden crear impostos ás grandes superficies comerciais, poden crear un imposto ás grandes empresas por contaminación, poden facer todo iso, e se non o fan é porque non queren, porque vostedes queren seguir saqueando os de abaixo, sen importarlles as súas consecuencias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—e remato, señor presidente—. Din que non lles gusta o refraneiro popular, e vou ver se con Aristóteles son capaz de convencelos e convence-las da grave situación que hoxe estamos vivindo, e tamén de como este Goberno ten que mudar o seu rumbo. E repítolles unha frase de Aristóteles, que é: “O que non se ruboriza co mal que fai, é un miserábel.”

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Rodríguez, nós entendemos que están preocupados porque estamos diante dun proceso destituínte, e a dereita sábeo, ¡claro que o sabe!, pero ese discurso sobre a lexitimade é máis que controvertido nas doutrinas filosóficas, e mesmo tamén na propia filosofía do dereito. Pero recoméndolle un libro, Albert Noguera, profesor, *Poder constituínte*, léao, verá como hai moitas maneiras de entender o que é a democracia, e, sobre todo, de entender como o seu Goberno está absolutamente carente de lexitimidade social.

Tamén dicirlle, señor Rodríguez, que cando vostede nos critica –semella que porque temos contradicións respecto da lei de estabilidade, esa terrible que se aplica contra o pobo– voulle dicir que limitar o déficit e recortar é o mesmo que gobernar para unha minoría de privilexiados e en contra das maiorías sociais, esa é a faciana do seu Goberno.

E tamén, respecto do que nos dicía da débeda, eu véxoo moi mal, como supoño que xa sabe, pero aquí de verdade que isto é do Banco de España: capítulo 13.10 e capítulo 13.9. E dinos que Galicia no ano trece –como lles gusta dicir– ten unha débeda de 9.525 millóns de euros, e tamén nos di que o peso do PIB en Galicia no ano 2013 é de 16,8 %.

E tamén lle dixen que dedicamos do orzamento –se me expresei mal, dende logo, foi pola rapidez na expresión–, dedicamos a orzamento de pago de servizo da débeda, é dicir, amortización de principal e pago de xuros, máis de 1 millón de euros, que é un terzo –díxenlle– do orzamento que dedicamos á sanidade. Estas son as realidades, non de AGE, senón do Banco de España. ¡Fracaso seu!

E tamén quería facer unhas pequenas aportacións, que antes non tiven tempo.

Falaba de Meirama e falaba das Pontes. AGE propón nunha das súas iniciativas despois da redución o peche das mesmas, e tamén pedimos nalgunha das nosas iniciativas pois que deixen de condenar o autoconsumo na produción eléctrica propia no noso país e cuestionen tamén a actual reforma, contrarreforma que se está levando no sector ener-

xético contra Galicia, porque sabe que directamente é unha reforma para os de arriba, e en contra dos de abaixo, particularmente de Galicia.

E tamén temos unha iniciativa que pula porque a Xunta de Galicia investigue e loite contra esa fraude magnífica que hai no Plan de inversións de Fenosa, que deixen de agochalo.

E tamén temos un montón de iniciativas que teñen que ver con factores importantes diso que chaman vostedes modelo territorial, que é, efectivamente, a supresión das deputacións, o confinamento, a retirada da lei chamada, antigamente, da reforma da Administración local, entre outras.

Pero ademais destas cousas, Alternativa Galega de Esquerda quería dicirlle que fixemos un pequeno traballo, unha especie de glosario de termos, un glosario dun goberno de ananos –facendo obviamente un paralelismo– que lle vou ler: o primeiro sería o A, de ananos, caracterización acaída do país que quere Feijóo; o B, de bárbaros, aqueles que como os alcaldes de Baralla ou Beade viven na esterqueira moral do fascismo; o C, da corrupción, a modalidade de funcionamento das políticas neoliberais, que relaciona e subordina aos poderes económicos os cargos públicos deste réxime, que ten moitos nomes: *Campeón*, *Pokémon*, *Gürtel*..., e suma e segue; o D, de débeda pública, esa que triplicou un sedicente goberno austero; o E, de especulación, sector estratéxico do modelo económico ultraliberal do Partido Popular, e que imos ver –seguramente– nesa anunciada nova Lei do solo, que promete ser, unha vez máis, unha burbulla altamente tóxica; o F, de fracaso, rumbo de derrota marcado por un *guberniño* de capataces que destrúen ao ditado dos señores de negro da troika, os seus amigos, De Guindos entre eles; o G, de galego, cultura que enche de odio a un goberno alleiro; o I, de industria, sector económico desertizado pola mala xestión de Feijóo; o J –que non existe–, palabra adorada polo Goberno do Partido Popular por non empregarse na lingua do pobo que explotan, enganan, recortan e destrúen; o L, de lume, economía do lume, que enche os petos dunhas poucas empresas, permite mil xogos clientelares nos concellos e consome un país fermoso cheo de vida; o M, de mafia –a familia, falaba o señor Feijóo–, forma de se relacionar clans da droga cos políticos do PP e as campañas electorais no noso país, en Galicia; o N, dos *nadies*, os *nadies* de Eduardo Galeano –vaia por el–, eses suxeitos pre-

feridos pola violencia neoliberal para explotar, alienar e condenar as nosas necesidades; o Ñ, consoante que resume unha das terminacións nerviosas da dereita española; o O, de obediencia, especialidade práctica do Goberno Feijóo respecto das empresas, dos amigos indirectos cos negocios escuros do Goberno Rajoy e dos homes de negro que dende Bruxelas pechan o noso porvir; o P, de paro, modalidade do porvir caracterizado pola precariedade, a criminalización e quen sabe se unha futura casa de pobres, a parella social da pobreza; o Q, de quietismo, a adaptación neoliberal da doutrina relixiosa pola cal a suma perfección neoliberal se acada mediante a pura e interesada contemplación; o R, señor Rodríguez, de recortes, xeito no que Feijóo se relaciona cos servizos públicos e os dereitos económicos, sociais e culturais, que degrada e que privatiza; o S, de sufrimento, o da nosa xente, eses que non son capaces de mirar aos ollos, os que perciben unha prestación de 426 euros, eses, os que están no paro, os que non teñen que comer –sufrimento, consecuencia derivada de gobernar para os poderosos señores dos cartos, os amigos de Pescanova, Gayoso, Méndez e outros–; e o T, finalmente, de terror, resultado social de aplicar o capitalismo neoliberal do *shock* a un país. Vencéllase coa figura do tánatos, diferentes e acreditados estudos de saúde pública relaciónana coas desigualdades de clase. Este é o noso glosario, señor Rodríguez, do Goberno dos ananos do señor Feijóo.

E a cuestión, despois do que lle dixemos e das nosas propostas, é: ¿que vai facer, señor Feijóo –non presente aquí– para mudar as políticas do seu fracaso político brutal nese Camelot no que está a vivir? Non lles gusta dicir que o pobo é quen máis ordena, e o pobo é o que máis ordena. E non se preocupen que con vostedes ou contra vostedes, efectivamente, o pobo lles vai expropiar Camelot. O pobo nos conflitos laborais, nas folgas, o vindeiro día 24. O pobo nos centros de ensino, o pobo nas escolas, nas rúas. O pobo vai quitarlos dese goberno hoxe sedicente, ese goberno que goberna para os de arriba e masacra os de abaixo. Imos expropiarlles Camelot, ¡sí, señor!

E queremos, sobre todo, terminar con ese discurso dese poder destituínte que vostedes tan ben reflicten, que é atacar o núcleo duro do negocio. Quédanlles tan só as pensións, o benestar social nesa inefable Lei de dependencia –non temos tempo a falar dela– e, obviamente, a baixada dos salarios, a chamada devaluación interna. Non é por mor da crise que

teñamos que facer iso, senón que é unha estratexia súa para poder seguir esquilmando os de abaixo. Precisan unha ringleira indecente de parados e paradas para aplicar o que necesitan: baixar os salarios de todos e todas nós.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: E como xa dixemos, efectivamente, van apoiar moi poucas iniciativas das nosas presentadas. Efectivamente, estamos noutro mundo que sae da bruma de Monte Pío.

E remato xa con Joaquín Sabina –a quen detesto, teño que dicilo–, falaba el, seguramente, ímolo plantexar aquí, de dúas cuestións que reflicte moi ben o señor Feijóo. Señor Feijóo, vostede sería naquela canción o Dioni das caixas galegas e o Atila do desemprego ou do paro no noso país. Vaia por diante que os imos expropiar xustamente de Camelot.

¡Saúde e tamén república! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Señor Rodríguez, co aprecio persoal que sabe que lle teño, a referencia que vou facer ten que ver coas políticas do partido no que vostede milita e ao que representa.

Hai unha novela, a pesar do seu título, onde un escritor arxentino, que se chama Alan Pauls, que se titula *Historia del dinero*, di unha cousa que eu creo que é paradigmática do que estamos vivindo na política galega e, desde logo, neste debate. Vouno ler en castelán, porque non me fío moito da miña capacidade de tradución: “*Nunca el mal es tan despiadado como cuando se presenta con el rostro de la benevolencia*”. Eu creo que é o exemplo do que está a acontecer na política galega nos últimos tempos.

Quero empezar co tema desa persoa que malvivía nunha ruína mentres se dedicaba á prostitución e se inxectaba heroína. Non dixeran en ningún momento que tivera que pagar polos retrovirais, sei perfectamente que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non dixeran iso! (*Pronúncianse*)

cianse palabras que non se perciben.) ¡Non, non, non! (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Miren, señores deputados do Partido Popular, falei co seu médico e falei coa persoa que ía todas as noites darlle as pastillas. (*Murmurios.*) Con eses falei. (*Murmurios.*) Falei con eses. Dixen que ía ter que pagar pola medicación para a súa hepatite C. (*Murmurios.*) E iso está no listado. (*Aplausos.*) Iso é o que dixer. (*Aplausos.*) E, por certo, señora Prado, mantéño. (*Murmurios.*) Mantéño.

Señor Rodríguez, mire, a verdade é que somos tan iguais o PP e o PSOE que non nos aceptan ningunha das propostas de resolución. (*Aplausos.*) Eu creo que é o exemplo de que somos exactamente iguais. (*Aplausos.*)

Vino a vostede moi preocupado polo financiamento autonómico. Mire, o tema do financiamento autonómico e o Partido Popular é unha relación de amor-odio sorprendente cos nacionalismos de dereitas dalgúns sitios. Eu voulle dicir dúas frases, unha do señor Aznar e outra do señor Arzallus, o señor Aznar falaba catalán na intimidade e o señor Arzallus saíu da Moncloa dicindo: “*En estas dos horas le saqué más a éste que a Felipe González en catorce años*”. Entón, mire, non veñan vostedes aquí contarnos historias de financiamento autonómico e da necesidade de apoio político a este proceso. Nós tiñamos unha proposta absolutamente razoable e vostedes nesta, como nas outras vinte e seis propostas de transacción, pretendían sacar toda a dimensión cuantitativa e cronolóxica das nosas propostas; en resumo, deixar publicidade e propaganda. E aí o Partido Socialista non vai ser cómplice do Partido Popular, ¡así de claro! (*Aplausos.*)

Nas súas propostas de transacción, todas sen excepción, tratábase de sacar a dimensión temporal e a dimensión orzamentaria, e nós non nos imos mover aí. A verdade, señor Puy, case era mellor que fixera vostede o debate, porque me está despistando un pouco. (*Risos.*)

Hai outra cousa en relación co financiamento autonómico... –Si, presidenta, es que lo oigo mucho, lo siento. Es que soy...–

A señora PRESIDENTA: Perdón, señor Losada, continúe usted.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Gracias.

Hai outro tema importante no financiamento autonómico. Miren, vostedes...

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Prado.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...teñen un problema no financiamento autonómico, entre outras cousas porque o financiamento autonómico e esa discusión vai deixar, e está deixando, negro sobre branco nos seus propios líos internos a estratexia recentralizadora do Goberno de Rajoy. E non nos pidan complicidade aos socialistas aí, porque non a van ter, non a van ter. Eu entendo que lles viña ben, pero non a van ter.

En relación co emprego, ¡home!, parece que é o tema máis importante desta Comunidade Autónoma, o desemprego. Ben, pois aquí non había ningunha proposta de transacción, aquí dixeron que votaban que non de maneira directa.

Señor Rodríguez, presentaron –como dicía antes– vinte e sete propostas de transacción, en todas elas o único que propuñan era eliminar cousas das propostas do Partido Socialista, ¿de verdade que iso é negociar? Eu non sei que concepto ten vostede, que é unha persoa ilustrada, doutor; non entendo cal é o concepto da negociación, de chegar coas propostas de resolución do PSOE e dicir: aceptamos ata o primeiro punto e seguido, de aí para abaixo non. Mire, iso non é transaccionar nada, iso é ordeno e mando, e por moitos 41 deputados que teñan van votalas vostedes sos. (*Aplausos.*)

Tamén vin que se preocupaba moito pola cuestión de onde saían os fondos para as medidas que propuñamos os socialistas nas nosas propostas de resolución. Pois, mire, son aproximadamente –evidentemente non deixan de ser cifras aproximadas– 465 millóns de euros. Por certo, era a cantidade que aparecía nas emendas aos orzamentos do ano 2013 e que vostedes votaron en contra a todas. Polo tanto,

¿onde están eses fondos?, están nesas emendas, señor Rodríguez. Outra cousa é que vostedes non quixeran poñer o imposto sobre depósitos bancarios para logo facilitarlle a Rajoy ese tipo cero vergonzoso que nos vai ter un dobre custo. Non nos ingresan a contía do imposto e ademais como vai haber que compensar cos fondos de financiamento autonómico as comunidades que o tiñan, dobremente fastidiados. ¿Esta é a estratexia fiscal do Partido Popular? Desde logo, señor Rodríguez, non é en absoluto a nosa.

Volvo aos dous temas relevantes –na miña opinión– que non tiveron tempo na primeira intervención de falar deles.

Servizos públicos esenciais, indubidablemente irrenunciáveis, blindados, universais e gratuítos, sen excepcións, sen discursos. *(Aplausos.)* ¡Sen excepcións e sen discursos! *(Aplausos.)* ¡E sen milongas, *(Aplausos.)* sen milongas!

E no caso da educación –e dicíallo ao principio da miña primeira intervención– é un tema fundamental pero por un dobre motivo, evidentemente é un motivo de carácter social, é o mecanismo que garante a igualdade de oportunidades aos que teñen menos oportunidades. De libro, eu creo que é difícil non estar de acordo con isto, salvo que esteamos de acordo coa selva e con ese enfoque da dereita máis reaccionaria que no final se reduce a “*tonto el último*”. Unha expresión cruel e despiadada que o único que mostra é que esa pobre muller que vive nesa casucha nunha rúa dunha cidade galega pois é unha das perdedoras.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, señora Prado, a verdade é que...

A señora PRESIDENTA: Señora Prado, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...a caridade é unha virtude cristiá, mesmo cristiá...,

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Prado, ten unha chamada á orde.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...á parte de humana, cristiá; á parte de humana, cristiá, señora Prado. *(Murmurios.)* ¡Parece mentira!

É verdade que logo sempre queda o recurso da confesión, que o facilita todo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Entón, por unha parte esa dimensión social, pero logo hai unha dimensión económica fundamental, e é que a dotación de capital humano dun país é estratéxica para competir nun mercado globalizado. Insisto, sobre todo se queremos competir cunha estratexia de que os cidadáns deste país cada vez vivamos todos mellor. E hai un paso máis, non é que todos vivamos cada vez mellor, senón que a diferenza entre os que mellor viven e os que peor viven sexa cada vez máis pequena. E iso é o que nos diferencia a uns e a outros, e no fondo esa é a razón pola que vostedes –polo menos segundo o estadillo que rexistraron– van apoiar 2 de 148 propostas de resolución dos partidos da oposición neste Parlamento. Esta é a razón fundamental, non hai outra, é esta. Porque o modelo de sociedade que se busca, ou que se desexa, ou polo que se traballa, é un modelo diferente, é un modelo no que algúns quedan na cuneta. E, desde logo, dicíao o outro día Crédit Suisse: “*el negocio nos va cada vez mejor, el número de ricos en España ha aumentado en el último año un 13%*”. Eu creo que son os resultados da política, non son os resultados dunha decisión divina, son os resultados da política.

E é exactamente o mesmo no caso da sanidade, no caso da sanidade con máis dureza aínda. Porque no caso da sanidade este país, ata non hai moito tempo, recorda unha das vantaxes da historia económica, eu recoméndolles que lean a tese. Por certo –acordeime agora– o presidente –tamén aproveitou que chegou– dixo tamén de maneira vehemente que no seu pobo, nos Peares –a miña avoa materna era de cerca–, alí os paisanos sabían que non se podía gastar máis do que se tiña, o cal é absolutamente falso. Os paisanos galegos lamentablemente tiveron que endebedarse toda a vida para marchar a traballar a Bos Aires e á Habana. *(Aplausos.)* Entre outros *(Aplausos.)*, desde logo, salvo que fora unha irresponsable fiscal, que é posible...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Losada, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...a miña bisavoa, que desde Pombeiro vía directamente Os Peares. Polo tanto, endebedarse é un mecanismo económico absolutamente lexítimo e ademais absolutamente útil cando as dificultades económicas conxunturais non permiten sobrevivir. E esta é a cuestión, señor presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, polo tanto, no tema da sanidade —e volvo a Ramón Villares e á súa tese— un dos elementos de negocio fundamentais das bancas rurais na Galicia de finais do XIX e principios do XX era cando a xente enfermaba e tiña que empeñar as terras para atender..., ir ao médico á capital. Eu, insisto, non o vivín, pero desde logo forma parte da historia deste país.

Iso tamén é o que esta parte da bancada, e desde logo os socialistas, pero esta parte da bancada, non quere, non quere baixo ningún concepto.

E, desde logo, no discurso sanitario intentar convencer-nos de que as empresas que traballan...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...no negocio sanitario, nesa colaboración público-privada, son ONG é puro *marketing* empresarial, pero é falso. Son empresas, teñen accionistas, contas de resultados e beneficios. E o que son beneficios empresarias nese sector, son custos sanitarios dalgún tipo para os cidadáns deste país. Non hai máis milagres contables. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E só unha cuestión máis —e remato, señora presidenta—, en relación coa condena á ditadura franquista.

Desde logo, a iniciativa do Partido Popular parécenos literalmente unha tomadura de pelo. Primeiro, porque é o Parlamento quen ten que reprobar. Eu quero condenar, non

quero reprobar. A min reprobábame a miña avoa cando facía unha trastada de neno. Non, non, ¡quero que me condenen!

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Losada, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, é dobremente indigno cando onte un voceiro do Partido Popular dixo que o alcalde de Beade, o señor Senén Pousa, *no representa al Partido Popular*. Entón, ¿a quen representa? ¿A quen representa? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Na anterior intervención plantexaba que había unha estratexia premeditada, por parte, neste caso, da oposición, de non chegar a ningún tipo de acordo. E esta estratexia premeditada baséase en seis puntos. *(Murmurios.)* ¡Seis!

O primeiro ten sido e foi presentar propostas de resolución de asuntos xa debatidos, de PNL que foron debatidas, que había posicionamentos moi claros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Recórdolles que vostedes nos piden que derroguemos o decreto de comedores, o decreto de plurilingüismo, que freemos a construción do novo hospital público metropolitano Álvaro Cunqueiro de Vigo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que pechemos Sogama. Obviamente, cando vostedes plantexan iso saben que iso nós non o podemos aceptar, co cal están facendo trampas. *(Murmurios.)*

Segundo..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña. ¡Señora Acuña, faga o favor!

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Señorías, pouco queda, teñan un pouco de paciencia.

Segundo asunto, introducindo nunha serie de asuntos, asuntos que poderían ser plenamente aceptados polo Partido Popular, unha especie de coletillas –díxoo o señor Losada– que fixan prazos, prazos temporais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

Continúe.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Prazos temporais dificilmente cumpribles ou cantidades económicas que son imposibles de cumprir. Son o que podíamos chamarlles cláusulas nacidas para matar, *(Murmurios.)* porque impiden o acordo. *(Aplausos.)*

E voules dar un exemplo. Segundo vostedes temos que ser capaces de plantexar un modelo de financiamento autonómico nun mes. Se esa cláusula non é unha cláusula trampa, veñan vostedes e díganlo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostedes plantéxannos noutra proposta un plan de emprego con 30.000 empregos, 250 millóns. No ano 2011 eran 200 millóns, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* en decembro do ano 2012...

A señora PRESIDENTA: Señora Quintas, señora Quintas.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...eran 120 millóns e 20.000 empregos. Agora son 250 millóns e 30.000 empregos. ¿Vostede cren que iso se pode considerar serio? *(Aplausos.)*

Vostedes pídennos, á parte é o Partido Socialista, vostedes pídennos carga para o naval e un proxecto de construción do dique flotante en dous meses. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Fantástico, en dous meses!

E despois vostedes plantéxannos cláusulas trampa. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ten outra chamada á orde.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Estanse comportando mellor Bloque e AGE que os socialistas. Por favor, teñan paciencia, teñan tranquilidade. *(Aplausos.)*

Plantéxannos cláusulas trampa. Lei do solo, que se aprobe con 2/3. Reforma electoral, que se aprobe con 2/3. Vostedes queren atar a maioría democrática de Galicia. *(Murmurios.)* Nós imos buscar acordos, si, pero non nos poñan cláusulas que inviabilizan calquera tipo de acordos. Iso é unha trampa, é unha trampa, señorías.

Terceiro punto, plantexan, fíxense vostedes, plantexan que se derroguen leis ou proxectos de leis que aínda non foron aprobados. A LOMCE, ou a Lei de racionalización da Administración local. Incluso o Partido Socialista di que *la llevemos al Constitucional*. ¡E aínda non está aprobada! *(Murmurios.)* Realmente é un curioso feito de facer diálogo.

Vostedes, señorías, cuarto punto, voltan a un pasado que xa non existe, que xa non existe. Moitas iniciativas e moitas propostas do Partido Socialista dinnos que repitamos os orzamentos do ano 2009, fundamentalmente en educación, señor Docasar. Véxoos nostálxicos, pero o que é máis preocupante é que os vexo fóra da realidade, porque nos piden que volvamos ao ano 2009 en educación. ¿Para que? ¿Para que haxa 9.000 prazas menos de comedores públicos, para que haxa un 40 % menos de prazas de formación profesional, para que haxa seis puntos máis de fracaso escolar ou para que gastemos máis? Gastaron moito máis vostedes e no ano 2009 vimos o panorama que nós acabamos de recibir. *(Aplausos.)*

Quinto lugar, un truco, un truco tamén moi sinxelo. Vostedes plantexaban na súa parte resolutiva varios aspectos, algúns que obviamente e plenamente os podíamos asumir, pero metíanlle un terceiro punto ou un cuarto de aspectos que non se podían en ningún caso admitir.

En materia de xustiza, por exemplo, vostedes plantexan na mesma proposta de resolución dous asuntos. Un de mantemento dos partidos xudiciais, que lle damos o OK, pero tamén nos meten que non cumpramos unha lei no ámbito das taxas xudiciais. Co cal, claro, se nos piden que incumpramos a lei, realmente témoslles que votar que non, obríganos a votar que non.

E por último, e en sexto lugar, vostedes plantexan propostas de resolución que modifican acordos unánimes acadados neste Parlamento. Sen ir máis lonxe, tamén o Partido Socialista plantexa que en materia dos expedientes sancionadores sobre as pensións dos galegos emigrantes, pois plantexan aspectos que están fóra dese acordo que acadamos as formacións políticas; intentan rachar o acordo, intentan rachar aqueles puntos nos cales estamos en común, porque a vostedes –e díxose aquí– interésalles máis que non haxa acordo para intentar dalgún xeito facer a súa política.

Bloque Nacionalista, celebramos o acordo, tivemos un acordo, é bo, celebrámolo. Curiosamente nun ámbito importante, a defensa da sanidade pública.

Ímoslle votar que si, tamén llo anuncio, a unha cuestión que non sei por que non quixeron transaccionar, vencellada ás preferentes. Dámoslle a benvinda neste ámbito ao que nós sempre defendemos, é dicir, á arbitrase e agora á vía xudicial.

E mire, vimos á señora Pontón que nos comezou falando de Atila e despois fixo un discurso máis en negra sombra. Pero claro, hai algunhas propostas que é imposible que se poidan asumir, porque vostedes non respectan o marco constitucional e non respectan o Estatuto de autonomía.

Miren, vostedes dinnos que plantexemos unha tarifa eléctrica galega. ¿Iso que é, poñer un contador no Padorne-lo? *(Risos.)* Porque non se entende, señorías, non se entende. *(Aplausos.)* Vostedes están, señorías, nun modelo *quase* autárquico *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, nun modelo *quase* autárquico, van co público galego, chegan a plantexar noutras que incrementemos o déficit público ou plantexar un financiamento unilateral no financiamento autonómico co Estado. Entendémolo, no seu caso, que plantexen un financiamento unilateral no tocante ao financiamento autonómico, e incluso no caso de AGE. Non se pode entender no caso do PSOE, ou pedímoslles que nolo aclaren. ¿Que prefiren, un financiamento multilateral ou un financiamento bilateral?

Hai cuestións paradoxicas, ¿non? Falan de alicatar o gasto público, reducir gastos na Cidade da Cultura. Ben, son realmente, coñecendo a súa traxectoria, paradoxicas e si coincidimos nunha cuestión, si coincidimos nunha cuestión.

Mire, a maioría absoluta que ten este partido non nos dá ningunha carta branca, pero, ¿sabe o que nos fai? Énchenos de responsabilidade e temos que coidar este país e temos que traballar por este país, e estámolo facendo o mellor que sabemos e o mellor que podemos. *(Aplausos.)*

AGE, acordo. Temos un acordo tamén que podemos dicir simbólico. Cando o presidente no seu discurso falaba dunha iniciativa nosa, a señora Pontón clasificouno de bolchevique. E mire, somos capaces de pactar unha iniciativa en materia de terra cos antigos... *(Murmurios.)* –a señora Paz, perdón, a señora Paz. Perdón, a señora Paz–, ...cos, entrecomiñas, “antigos comunistas”. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A historia é paradoxica, todo o século XIX estivo cheo de conflitos sociais e políticos neste eido, e é positivo que sexamos capaces de chegar a un acordo neste asunto.

Tamén lles imos apoiar a 49, que fai referencia á frota pesqueira.

Realmente tamén, señora Díaz, vostedes creo que –dígoos sen ningún tipo de acritude– son un grupo novato, as súas iniciativas eran algo confusas, había propostas de resolución, estaban, había algunha preocupante, e vostede que ten formación xurídica seguro que se rele o que escribiron coincidirá comigo. Vostedes din na número 5 textualmente: “Vergoñenta colonizaxe do poder xudicial por xuíces de obediencia e intereses vencellados ao Partido Popular”. Iso está nunha das súas propostas de resolución, que, obviamente, non poderá pedir que apoiemos iso.

E mire, señora Díaz, vostede recomendoume un libro, por certo moi interesante...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...de Albert Noguera onde fala da lexitimidade democrática. A lexitimidade democrática está nas urnas e non está nos estados de ánimo nin está nos sentimentos emotivos.

Eu voulle recomendar outro, que seguro que vostede coñece, de Xavier Casals, *El pueblo contra el Parlamento*. E aí fala –moi interesante, certo– das derivas do populismo, dos riscos que ten o populismo. E hai unha frase moi intere-

sante que seguro que vostede vai estar a favor, que di literalmente: “De todos os que cren que podemos arreglar isto –refírese aos representantes políticos–, de todos aqueles que queremos e podemos arreglar isto, dos indignados, dos prejudicados e espoliados, fartos de ser enganados polos que están no poder”.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ¿Sabe vostede quen dixo isto? Ruiz-Mateos. (*Murmurios.*) Isto que vostede firmaría díxoo Ruiz-Mateos.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: E mire –remato, señora presidenta–, efectivamente, o pobo ordena, si, aí estamos de acordo. E o pobo ordena que governe o Partido Popular democraticamente, e vostedes terán que facer democraticamente e intentar que nós non gobernemos, pero non se pode expropiar a vontade democrática dos galegos como vostede plantexa aquí. (*Aplausos.*)

Un só segundo, señora presidenta. Pídlle...

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez...

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...só un segundo, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Remate xa, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Falouse moito aquí dunha situación particular que seguro, e estou seguro que o señor Losada é sincero na súa preocupación, estou seguro, pero tamén lle recomendo que fale co alcalde da súa cidade e que vexa onde están atendendo os equipos de drogodependentes.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Señora presidenta, xa remato con esta última reflexión.

Algúns din...

A señora PRESIDENTA: Xa rematou, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que o Partido Socialista está máis cerca de AGE que do Bloque... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez...

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...de AGE e do BNG que do PSOE, e eu voulle preguntar...

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez...

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...e xa remato, por favor, señora presidenta–, ¿están vostedes máis cerca do Bloque e de AGE falando de Constitución, falando de Unión Europea, falando de [...] autonomía...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...falando de control de déficit público?

Señorías...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez, remate xa.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...teñen que saber que queren ser de maiores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Señorías, imos proceder á votación das propostas.

Pechamos as portas.

As súas señorías teñen un cadro para que se poidan seguir as votacións que responde ás solicitudes que me fixeron chegar en tempo e forma os grupos parlamentarios. Unicamente facer unha corrección en relación coas propostas do BNG, que hai unha corrección de erros no que

sería a votación do punto 3 na proposta número 7, que o Bloque pide que se vote no último lugar que temos no cadro número 10.

Entón comezamos, se lles parece, votando as transaccións ás que deu lectura xa o señor secretario da Mesa.

Comezamos, se lles parece, votando as transaccións, ás que lles deu lectura xa o señor secretario da Mesa.

Votación da transacción número 1 (doc. 13964), sobre a proposta de resolución número 40 do G.P. Popular de Galicia, co G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

Votación da transacción número 2 (doc. 13966), sobre a proposta de resolución número 45 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, co G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da proposta de resolución número 2 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 4 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 12 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 36 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 15 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación das propostas de resolución números 3, 6 e 47 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 5, 10 e 38 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 41; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 14, 23 e 50 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, o resto, que serían a 1, 8, 9, 11, 13, 16 a 22, 24 a 35, 37, 39 a 46, 48, 49 e a 7, consecuencia da corrección de erros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, de feito estaba previsto que se votara por separado e o señor Jorquera pediu unha corrección de erros para que se votara coas súas.

(O señor Jorquera Caselas solicita que se manteña a votación por separado da proposta de resolución número 7.)

A señora PRESIDENTA: Entón, deixamos a votación como estaba prevista, se lles parece. Votamos como estaba previsto, primeiro a número 7.

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 41; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación das propostas de resolución números 1, 8, 9, 11, 13, 16 a 22, 24 a 35, 37, 39 a 46, 48 e 49 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34 ; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación da proposta de resolución número 25 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 59; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 49 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación das propostas de resolución números 21 e 44 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 59.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 4, 12, 15, 16, 18, 20, 31, 42 e 50 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das propostas de resolución números 1 e 20 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 41; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 15 e 48 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 49; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 3, 16 e 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación da proposta de resolución número 50 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación das propostas de resolución números 5, 12, 13, 22, 39 e 42 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 41; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as propostas do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 7 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 9 do G.P. Popular de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 28 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 7; abstencións, 27.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; votos en contra, 9; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación da proposta de resolución número 43 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 25; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Votación das propostas de resolución números 18 e 35 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 9; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 13, 27 e 34 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; votos en contra, 27.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 8, 29 a 31 e 42 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 16; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 5, 6, 17, 26, 37 e 50 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución números 33, 36, 44 e da 46 á 49 do G.P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

Votación das propostas de resolución do G.P. Popular de Galicia, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

A señora PRESIDENTA: Remata a votación.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Grazas, e moi boa tarde. *(Aplausos.)*

Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Calviño, David	(AGE)
19.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
20.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
21.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
22.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
23.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, Isabel	(PP)
25.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
26.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25